

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A IDENTIFICACIÓN E EXHUMACIÓN DUNHA FOSA COMÚN CON VÍCTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

INFORME-MEMORIA



Arqueólogo director: Francisco Alonso Toucido

Redactores da memoria: Alba Lucía Carneiro Alonso, Francisco Alonso Toucido

Promotor: Universidade de Santiago de Compostela

Data: Novembro, 2021

Expediente S. Arqueoloxía: 02.C.1160.2021.001

Código SXPA: CT 102A 2021/821-0

Código Tempos: T-21-014



▷ TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
✉ info@tempos.es 🌐 www.tempos.es 📞 📍 TemposArqueologos
☎ 677 164 635 ☎ 650 337 454

Empresa inscrita no Rexistro Mercantil con número de protocolo 2020/58, asento 79, Diario 112, inscrición primeira de folia SC50498, folio 62, tomo 373, Sección Xeral de Sociedades

D-U-N-S ® 469525121

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.

De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.

Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

Celso Emilio Ferreiro
Longa noite de pedra

ÍNDICE

1. Introducción	5
2. Agradecementos	6
3. Ficha técnica da intervención arqueolóxica	8
4. Abreviaturas e signos	9
5. Ámbito de traballo	10
6. Contexto normativo	12
7. Antecedentes	21
8. Contexto da investigación das fosas	23
9. Traballos de escavación e resultados	28
8.1 Obxectivos	28
6.1 Formulación da intervención	28
8.2 Estratexia de escavación	42
8.3 Metodoloxía	46
8.4 Actuación arqueolóxica	48
8.6 Estudo de materiais	141
8.7 Mostras	154
10. Conclusións	157
11. Bibliografía	161
12. Anexos. Unidades estratigráficas, inventario de materiais arqueolóxicos e planimetrías	162

1. Introducción

O presente informe-memoria da conta dos resultados obtidos na intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da Guerra Civil e a represión franquista no cemiterio municipal de Vilagarcía de Arousa (Avda. de Pontevedra, Rubiáns), no marco da investigación levada a cabo no Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realizacións de actuacións dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática en Galicia 2021.

2. Agradecementos

Dentro do mundo das intervencións arqueolóxicas, as dedicadas á recuperación e estudo de vítimas de violencia, sempre implican uns factores intensos no que concirne á implicación co proxecto, a relación entre o equipo e a relación deste tanto coas familias e visitantes como coas propias vítimas. Dende estas liñas, en representación de todo o equipo arqueolóxico, queremos agradecer a inmejorable acollida que tivemos en Vilagarcía de Arousa neste traballo de recuperación da memoria democrática. Comezando, como non podía ser doutra maneira, pola asociación o Faiado da Memoria, Margarita Teijeiro e Antonio Caeiro na súa representación, mostraron unha fase máis na súa longa loita pola recuperación da memoria da capital da Arousa, estarémoslles sempre agradecidos e contan cun oco nos nosos corazóns. Eles coordinaron e acolleron aos familiares tanto neste proceso como en anos precedentes, salvando así da perda definitiva os importantes datos da memoria oral. Para con todos os familiares cemiterio contamos cun caloroso recordo, sentímonos en todo momento arroupados así como por varias persoas comprometidas coa memoria que cada día nos acompañaban a pé de gabia.

O concello de Vilagarcía de Arousa nas figuras do seu alcalde e tenente de alcalde comprometéronse con todo o proceso, ofrecendo unha axuda loxística e burocrática imprescindible e aportando persoal municipal para o cal temos un fondo sentimento de gratitude, sempre disposto e colaborador, como Luis o noso palista de referencia, os enterradores actuais, encabezados por Espósito, que nos acolleron na súa casa e os xa xubilados, fornecendo toda a información que reclamábamos. O persoal administrativo do concello, secretaria, encargado de cemiterios e arquivero facilitaron en grande medida o complexo traballo de investigación e tramitación de permisos.

A todos os medios de comunicación e xornalistas que cubriron de primeira man todo o proceso, queremos agradecer o seu amplo interese e dedicación na cobertura da escavación, especialmente a José Luiz Oubiña, sempre a tento a documentación fotográfica de todo o acontecido. Especial mención merece o colectivo Lentes Diverxentes con Fran Piñeiro e Susana Recouso como protagonistas dun tipo de xornalismo que debería ser o común e que lamentablemente cada día é máis escaso, o que lle da se cabe máis mérito ao seu altruísta traballo.

Entre o equipo de traballo queremos agradecer a confianza e bo facer de todos os membros, orquestrados por Gustavo Hervella García coa súa boa e disposición e carácter levou a bo porto a loxística de todo o proceso. Fernando Serrulla Rech coa súa ampla experiencia neste tipo de traballos foi un puntal imprescindible en todos os traballos. Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho e José Carlos Sánchez Pardo coordinaron dende a USC as diferentes tarefas histórico-arqueolóxicas. O recentemente doutorado Rafael García Ferreira pelexouse cos arquivos e caóticos libros de rexistro do cemiterio, aportando un contexto histórico fundamental. E persoalmente quero agradecer a todo o equipo técnico Julián Bustelo Abuín, Celtia Rodríguez González, Víctor Vicente García e Alba Carneiro Alonso a súa grande dedicación e vontade de conseguir os obxectivos propostos. Pola nosa banda tentamos identificar por todos os medios ás vítimas localizadas no cemiterio, actuando en todas as áreas dispoñibles no momento da intervención, quedamos á espera das identificacións xenéticas para poder confirmar un dos obxectivos principais. Pero o máis importante, cubrir a obriga de busca e reparación destas persoas oficialmente esquecidas, foi cuberto, e a débeda que con elas ten o estado, moi parcialmente saldada, nesta primeira intervención realizada en Galicia con fondos estatais e un equipo inter e multidisciplinar.

3. Ficha técnica da intervención arqueolóxica

Actuación: Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio municipal de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Clasificación da actividade: Actuación ligada a un programa de investigación

Data de execución: 3 de novembro – 23 de novembro

Expediente S. Arqueoloxía: 02.C.1160.2021.001

Código SXPA: CT 102A 2021/821-0

Promotor: Universidade de Santiago de Compostela

Supervisión: Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Arqueólogo director: Francisco Alonso Toucido

Antropólogo Físico: Fernando Serrulla Rech

Coordinador do proxecto: Lourenzo Fernández Prieto

Coordinador do proxecto arqueolóxico: José Carlos Sánchez Pardo

Equipo técnico: Julián Bustelo Abuín, Celia Rodríguez González, Víctor Vicente García e Alba Carneiro Alonso

Empresa arqueolóxica:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.

CIF B70608948

Telf. 650 33 74 54 – 677 16 46 35

Info@tempos.es www.tempos.es

4. Abreviaturas e signos

a.C. Antes de Cristo

AD Anno Domini

BIC Ben de Interese Cultural

BP Before Present

Cal Calibrado

d.C. Despois de Cristo

DOG Diario Oficial de Galicia

DXPC Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

GAC Gaceta de Madrid

GPS *Global Positioning System*

LIDAR Light Detection and Ranging ou Laser Imagin Detection and Ranging

LPHEley 16/1985, de 25 de junio, de Patrimonio Histórico Español

M Metros

m.s.n.m. Metros Sobre el Nivel del Mar

N Norte

W Oeste

PBA Plan Básico Autonómico

PE Plan Especial

PEPRI Plan Especial de Protección y Reforma Interior

PXOM Plan Xeral de Ordenación Municipal

S Sur


UE Unidade Estratigráfica

UEM Unidade Estratigráfica Muraria

+ - Mais menos

5. Ámbito de traballo

A fosa común obxecto da intervención arqueolóxica que se recolle no presente informe-memoria está situada no concello pontevedrés de Vilagarcía de Arousa, concretamente no seu cemiterio municipal, localizado no número 54 da Avenida de Pontevedra.



Imaxe 1. Situación da zona de intervención.

Dentro deste recinto, a fosa común sitúase no seu extremo sur, unha área que, a diferenza do resto da metade occidental do cemiterio, non foi afectada pola construción de bloques de nichos en datas recentes. Conta con coordenadas ETRS89 X:520.668 Y: 4.715.170



Imaxe 2. Situación da área intervida dentro do Cemiterio Municipal.

6. Contexto normativo

No ámbito da normativa internacional, e sen menosprecio dos tratados relativos á actividade arqueolóxica, cómpre sinalar, a tenor da especificidade da que aquí se proxecta, que o Estado español ratificou no ano 2009¹ a Convención Internacional para a Protección de todas as Persoas contra as Desaparicións Forzadas de 2006. Segundo o artigo 2 da Convención, enténdese por desaparición forzada “o arresto, a detención, o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou por persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa de recoñecer dita privación de liberdade ou do ocultamento da sorte ou o paradeiro da persoa desaparecida, substraéndoa á protección da lei”.

A Convención non só establece a obrigaón dos Estados de tipificar este tipo de delitos e castígalos conforme á súa gravidade, senón que sinala tamén o deber das administracións públicas de buscar, de oficio, ás persoas sometidas a desaparición forzada, así como a esclarecer a sorte das mesmas. Do mesmo modo, recoñece o dereito dos familiares e achegados a coñecer a verdade sobre o acontecido cos seus seres queridos. En consecuencia, o cumprimento das obrigaón – de investigación das denuncias e a localización dos corpos – deben ser tarefas asumidas pola autoridade e realizadas cos recursos necesarios e apropiados para ilo (art. 24).

En relación á normativa estatal e autonómica, ademais do disposto no Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, así como no Regulamento dos Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa, tívose en conta para a redacción e

¹ Mediante Instrumento de Ratificación do 14 de xullo de 2009 (BOE núm. 42 do 18 de febreiro de 2011).

execución do presente proxecto o disposto na lexislación vixente en materia de patrimonio cultural de Galicia.

Aínda que non é obxecto do proxecto abordar, nin moito menos resolver, a pertinencia da inclusión da fosa común na que se pretende intervir como un ben do patrimonio cultural de Galicia, cómpre mencionar que unha das eivas da vixente Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia é que elementos como este non teñen un doado encaixe.

A Lei 3/1999, de 10 de marzo, do Patrimonio Cultural Aragonés, é a única norma das súas características do ordenamento xurídico español que recolle as fosas como un tipo de elementos culturais que, en tanto que pertencentes á categoría de “lugar da memoria democrática de Aragón” poden ser obxecto de declaración como Bens de Interese Cultural por figurar entre os bens máis relevantes do patrimonio cultural aragonés (art. 12).

Isto non ocorre, como se sinalaba, coa Lei 5/2016, na cal elementos como as fosas comúns ou outros espazos relacionados coa memoria democrática deben buscar acubillo nas categorías que a norma galega establece no seu artigo 10, categorías que a priori non se axustan ás características deste tipo de espazos, coa inseguridade xurídica que diso se deriva.

De entre as categorías recollidas nese artigo 10, na que mellor acomodo é na categoría de xacemento arqueolóxico ou na de sitio histórico. Cómpre traer a colación o sinalado no Decreto 299/2008, de 30 de decembro, polo que se declaran ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña. Neste Decreto arguméntase que a categoría referida é “a que se adecúa con máis exactitude aos valores culturais que se transmiten a través da rica estrutura espacial do conxunto de elementos que conforman as Torres

de Meirás, que conteñen en si mesmos a memoria de momentos importantísimos da historia de Galicia e do Estado español”.

A presente intervención arqueolóxica recóllese no artigo 95.b da Lei 5/2016 e se regula mediante o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.

Ao tempo aténdese ao disposto na Lei 52/2007 á que antes se fixo referencia², así como o Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura, publicado mediante Orde PRE/2568/2011, así como outros protocolos nacionais e internacionais, particularmente os coñecidos como Protocolo de Estambul e Protocolo de Minnesota.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, dispón no seu artigo 1 que o obxecto da norma é “recoñecer e ampliar dereitos a favor de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo ilo co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeración de españois en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais”. Ademais, engádese que se pretende “o fomento dos valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidos durante a Guerra civil e a Ditadura, e

² Cómpre sinalar Galicia non desenvolveu regulación propia, ao igual que Madrid, A Ríoxa, Castela - A Mancha e Murcia. Se ben o 18 de decembro de 2008 subscribiuse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dos traballos de exhumación e identificación das vítimas da represión na Guerra Civil, ou máis recentemente, o Convenio, subscrito tamén entre as mesmas partes, no que se enmarca este proxecto.

asegurando a preservación dos documentos relacionados con este período histórico e depositados en arquivos públicos".

A lei sinala tamén que as Administracións públicas, no marco das súas competencias, facilitaranlle aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradiro se ignore (art. 11), para o cal polas Administracións públicas competentes de acordo coa normativa sobre patrimonio histórico e o protocolo de actuación autorizarán as tarefas de prospección (art. 13).

Ese protocolo, recollido no artigo 12 da Lei 52/2007 foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 232, de 27 de setembro de 2011) por medio da Orde PRE/2568/2011, de 26 de setembro, logo do Acordo adoptado polo Consello de Ministros a tal efecto na súa reunión do día 23 de setembro do 2011.

O protocolo elaborouse coa finalidade de servir como guía metodolóxica e procedimental, coa finalidade de servir de referencia para quenes desexan iniciar un proceso de procura, recuperación e identificación de persoas desaparecidas, naqueles casos nos que non exista protocolo de actuación aprobado pola correspondente Comunidade Autónoma.

Segundo o recollido no devandito protocolo, considérase que a apertura e exhumación dunha fosa común é unha tarefa interdisciplinar e que require a intervención de historiadores, arqueólogos e especialistas forenses.

En canto á intervención arqueolóxica, o protocolo de actuación distingue tres apartados: informes e autorizacións, as actuacións propiamente ditas e o informe final.

No relativo as **actuacións propiamente ditas**, o protocolo especifica que os pasos a seguir son os seguintes:

- Planificación: dirección, identificación dos membros do equipo, distribución de tarefas, plan de escavación, material necesario. Respecto aos membros do equipo e na medida en que así o requiran as necesidades de exhumación, articularase a participación de todos ou algún dos seguintes técnicos:
 - Arqueólogos: dirixirán a actuación dende o punto de vista da arqueoloxía. Sería preferible que tiveran experiencia na escavación de necrópoles.
 - Expertos en antropoloxía forense: realizarán a investigación in situ cando sexa necesaria e a vixilancia do traslado dos materiais.
 - Expertos en medicina forense: se a exhumación se realiza dentro dun cemiterio.

Por outra parte, o material necesario dependerá da localización da fosa así como do número de persoas cuxa localización e exhumación se pretende. Débese dispor do equipo de escavación necesario segundo os estándares da investigación recoñecidos internacionalmente, sendo recomendable o uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos. A utilización de medios mecánicos deberá ser excepcional e xustificada en cada caso.

- Documentación das tarefas realizadas. A título de exemplo, e como referencia, a documentación podería facerse en texto, debuxo, foto e vídeo. Debese fotografar a zona de traballo antes de iniciar as tarefas e despois de que conclúan. Así mesmo, elaborárase un "Diario" das actuacións, especificando os

técnicos que interveñen, tempo de dedicación e as incidencias que se produzan.

En tal sentido, débese documentar sobre o terreo calquera dato que axude na identificación dos restos, a recollida de calquera elemento asociado aos individuos (efectos persoais, restos de tecidos, etc) ou aos feitos ocorridos (vaíñas e restos de munición, etc).

- Escavación: aos procedementos de escavación asistirán, si así manifestaron o seu desexo, os familiares directos das vítimas.

Son de aplicación ás intervencións arqueolóxicas as previsións do título V, relativas ao patrimonio arqueolóxico, da Lei 16/1985, de 25 de xullo, sobre o Patrimonio Histórico Español, así como as normas aprobadas sobre esa materia polas CCAA.

Estes procedementos axustaranse aos estándares de investigación recoñecidos internacionalmente. A tal fin, estímase de especial importancia actuar tendo en conta as seguintes consideracións:

- Débense ter en conta os fundamentos do procedemento de escavación en canto a referencias métricas, extracción ordenada, cribado de terras, toma de mostras, retirada de terras, observación dos perfís de gabia, protección do lugar, recolección de evidencias, observación do material in situ, tratamento dos restos, etc.
- É fundamental o establecemento dun perímetro de seguridade, balizado e protexido para evitar o deterioro ou espolio dos restos, ao que só teña acceso o persoal autorizado. En todo caso débese poñer especial coidado e

meticulosidade na conservación e non deterioro dos materiais extraídos.

- En caso de localización de restos, comunicaráselle tanto á Comunidade Autónoma, como á entidade local, ao Xulgado de instrución competente, como á policía ou garda civil a entidade e características dos achados.
- Levantamento de restos: realizarase sempre coa participación de expertos en antropoloxía forense, garantindo a cadea de custodia a fin de obter tódalas incidencias da mostra, dende que se realiza a toma ata que se destrúe ou devolve.
- Custodia dos restos e extracción de mostras: os expertos elixirán mostras que sexan significativas para proceder á identificación dos restos achados e que permitan un mellor análise para os fins deste protocolo.

En canto ao resto dos achados, se non fora factible o seu traslado ao laboratorio que realice as análises, serán ou ben trasladados ao cemiterio do municipio, ou ben a aquel lugar que o Concello especifique, ou ben, manteranse debidamente protexidos e contextualizados, no lugar do achado. A opción a elixir será a que apunten os expertos en antropoloxía, de acordo cos medios que ofrezca o Concello ou a Comunidade Autónoma, e sempre tendo en conta a necesidade de identificación e preservación dos restos.

En calquera caso, o traslado e a preservación realizaranse de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, a normativa local que sexa de

aplicación ao caso, ou a estatal, no suposto de que os restos se foran a trasladar a outro país.

- Traslado de mostras: deberanse referir e archivar datos na toma de mostras, na conservación, no transporte, na entrada ao laboratorio, durante o análise, e despois da análise. O informe, en todo caso, debe axustarse á Orde JUS/1291/2010, de 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (BOE de 19 maio de 2010), cando sexan remitidas a dito instituto.

No resto dos caos poderán servir ditas normas de referencia para o análise das mostras, ao igual que as Recomendacións para a recollida e o envío de mostras con fins de identificación xenética da Sociedade Internacional de Xenética Forense, publicadas polo Ministerio de Xustiza.

En todo caso, o traslado de restos requirirá autorización da Comunidade Autónoma e Entidade Local competente e farase de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, coa normativa local, ou estatal, no suposto de que os restos se vaian a trasladar a outro país.

No relativo ao **informe que debe dar conta dos traballos realizados**, o protocolo sinala que se especificarán as seguinte cuestións:

- Os compoñentes do equipo, as tarefas asignadas e as tarefas realizadas.

- Descrición e inventario dos restos localizados.
- Situación dos restos exhumados.
- Medidas de protección e conservación dos restos dende o seu descubrimento ata o seu destino previsto, especificando responsables e os detalles de conservación, embalaxe e depósito dos restos.
- Achegarase levantamento planimétrico e unha ficha para cada individuo, no que se consignarán as incidencias antropolóxicas destacables.
- Achegaranse os documentos gráficos e fotográficos pertinentes.

7. Antecedentes

A I Conferencia Sectorial de Memoria Democrática – órgano creado para a cooperación entre administracións co fin de levar a cabo tarefas consultivas, decisorias e de coordinación entre o Estado e as comunidade autónomas en todo o relativo ás políticas de Memoria Democrática – acordou en marzo do 2021 os criterios de reparto, así como o propio reparto, dos fondos previsto nos Orzamentos Xerais de 2021, para busca, identificación e dignificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura.

O crédito destinado á Comunidade Autónoma de Galicia ascende a 106.395,08€, os cales teñen como obxecto a realización das tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a ditadura, así como para actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

Con esta finalidade, subscríbese un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver, ao longo do período 2021-2024, as seguintes liñas estratéxicas:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

No devandito Convenio especifícase que, as tarefas a realizar en 2021 serán as seguintes:

- Realización da exhumación e identificación da fosa no Concello de Crecente, provincia de Pontevedra. **No caso de que esta**

exhumación ofrecese problemas na súa realización, prevese intervir en Vilagarcía de Arousa.

- Traballo de investigación e análise de restos no Concello de Aranga, provincia de A Coruña. O traballo levarase a cabo por parte dos historiadores para buscar documentación, familiares, asociacións, etc. e do forense e xenetista.
- Dignificación dos lugares.

8. Contexto da investigación das fosas

Ao remate da Guerra Civil, a Administración franquista dispuxo procedementos para que aquelas persoas que o desexaran puideran exhumar algún parente vítima do bando leal á República. Con esa finalidade publícase a Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polos vermellos, na cal se establece que “toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para le traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes”. A solicitude de autorización para a realización da exhumación tiña que ser presentada “por el familiar del finado de máis próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios”.

ORDEN de 1 de mayo de 1940 sobre exhumaciones e inhumaciones de cadáveres de asasinados por los rojos.

Ilmo. Sr.: Por Orden 6 de mayo de 1939, se dispuso que todo aquel que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos asasinado por la horda marxista, para ser inhumado en el cementerio, podía solicitarlo dentro del plazo de seis meses, sin que tuviera que abonar derechos sanitarios de ninguna clase.

Numerosas instancias fueron presentadas al amparo de dicha disposición, y muchas más siguen presentándose después de transcurrido el plazo marcado, porque con posterioridad al mismo se van localizando los cadáveres a que se refieren.

Atento este Departamento a atender tan justas aspiraciones de los familiares de aquellos que gloriosamente cayeron por Dios y por España víctimas de la barbarie roja.

He tenido a' bien disponer:

Primero.—Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para el traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes.

Segundo.—Si la exhumación y consiguiente inhumación hubieran de hacerse en lugares de distinta provincia, la solicitud habrá de ser elevada a la Dirección General de Sanidad.

También habrá de dirigirse la instancia a la Dirección General de Sanidad cuando la inhumación haya de verificarse en criptas, templos, casas religiosas o en sus locales anejos. Si hubiera de practicarse en alguna iglesia o casa religiosa, habrá de preceder la autorización eclesiástica.

Tercero.—La instancia solicitando la autorización correspondiente será elevada por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios.

Imaxe 3. Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polos vermellos (BOE núm. 130 de 09/05/1940)

Ao pouco publícase a Orde de 22 de xullo de 1940 aclaratoria da de 1º de maio último sobre exhumacións e inhumación dos restos das persoas asasinadas durante o período vermello. Nesta aclárase que o disposto na Orde do 1 de maio do mesmo ano non afectaba “a la eficacia y permanencia de las resoluciones que la autoridad judicial tenga acordadas o acuerde, prohibiendo o condicionando las exhumaciones de cadáveres de hechos delictivos”.

Á súa vez, procedeuse a elaborar unha sorte de censo de persoas falecidas ou desaparecidas que non entraban no suposto de causantes das pensións recoñecidas na lexislación de guerra. Así, mediante Orde de 18 de maio de 1941 pola que se dá prazo para establecer un censo dos familiares dos caídos en defensa de España establécese que as persoas interesadas –“familiares dos caídos en defensa de España” – que careceran de pensión tiñan un mes para formular unha declaración ante a Delegación Rexional do Traballo (art. 1) na que debía figurar o nome do interesado e o do parente falecido, así como o parentesco entre ambos, o número de fillos menores de idade ao seu cargo, patrimonio e ingresos, así como os “servicios prestados a la Patria por el familiar muerto”.

Só os familiares das vítimas do bando franquista foron autorizados a localizar, exhumar e (re)inhumar os restos dos seus achegados enterrados en fosas comúns. Estes familiares recibiron axudas económicas para levar a cabo estas tarefas e algunhas fosas puideron delimitarse e proporcionándolles a mesma protección legal que aos camposantos.

Neste senso, a comezos de abril de 1940 publícase a Orde de 4 de abril de 1940 dispoñendo que polos Concellos se adopten medidas que garantan o respecto ao lugares onde xacen enterradas as vítimas da revolución marxista. Nesta dispónse que “con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar respeto debido a los restos sagrados de los


mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que non han sido identificados o reclamados por sus familiares" (art. 1).

Feito isto debíase solicitar a declaración do lugar como "terra sagrada", como si se tratase dun novo cemiterio municipal (art. 2), e no caso de que o número de individuos fora moi reducido, trasladaríanse a unha parcela designada para esta finalidade no cemiterio máis próximo (art. 3).

Coñécense outros exemplos de exhumacións autorizadas e realizadas no pasado século, e tense coñecemento tamén da realización de exhumacións masivas a finais dos 70, cando se transitaba cara a democracia, a pesar de que apenas existe documentación que o acredite. Mais non é ata o ano 2000 cando se comezan a abrir fosas comúns da Guerra Civil española con metodoloxía científica, e cando se comeza a andar un camiño, do que aínda queda moito que transitar, cara a recuperación da memoria democrática, a identificación e recoñecemento das vítimas do xenocidio e a reparación do dano causado nas súas familias.

Dende aquel ano 2000 no conxunto do Estado español exhumáronse máis de 500 fosas comúns e recuperáronse miles de restos (Etcebarria e Solé, 2019), destacando o período comprendido entre o ano 2007 e o ano 2011 en canto ao número de fosas exhumadas, o cal hai que poñer en relación á aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica no ano 2007, e o apoio – económico - do Goberno central naquela altura.

En Galicia, e atendendo aos datos recollidos por Lourdes Herrasti (2020), nos últimos 20 anos realizáronse un total de 27 exhumacións de fosas comúns recuperándose un total de 75 individuos.



Imaxe 4. Imaxe da exhumación máis recentemente efectuada en Galicia. Trátase da intervención no cemiterio de San Lourenzo de Vilarraso, Aranga (ARDF Desaparecidos).

Unha desas 27 exhumación practicadas tivo lugar tamén no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, concretamente no cemiterio de Cornazo. Logo dos traballos levados a cabo pola Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica identificáronse os restos de Manuel Álvarez Silca, fusilado no Monte Lobeira o 12 de novembro de 1938 cando tiña 33 anos.



Imaxe 5. Imaxe da exhumación realizada no cemiterio de Cornazo (Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica).

9. Traballos de escavación e resultados

8.1 Obxectivos

A intervención arqueolóxica tivo por obxecto recuperar os restos de 18 persoas enterradas na fosa común do cemiterio de Vilagarcía de Arousa, ou os restos trasladados en torno ao ano 1942 dende outros enterramentos. Para tal obxectivo, escavouse a área onde, presuntamente, se atopa a fosa común, para a continuación extraer e identificar os restos e devolverllos as súas familias.

Os obxectivos concretos foron:

- Escavación e identificación individualizada dos restos.
- Documentación e análise de campo de cada corpo identificado.
- Exhumación e extracción individual de cada corpo identificado como represaliado.
- Rexistro das marcas de violencia de cada un dos represaliados identificados.
- Análise individualizada no laboratorio para obter datos primarios non observados en campo.
- Relacionar os datos aportados polas fonte bibliográficas e documentais e as testemuñas orais cos datos obtidos durante o proceso de escavación.
- Adoptar as medidas de conservación e protección necesarias, na preservación dos restos óseos para proceder a análíticas de ADN.

6.1 Formulación da intervención

O espazo intervido é unha fosa común na que se atopan depositados restos humanos de vítimas da violencia que acompañou ao golpe de Estado de xullo de 1936. As fosas forman parte do itinerario que seguían aquelas persoas obxecto de violencia, sendo o estadio e o espazo final polo que pasaban tras decidirse o seu destino: o asasinato.

A efectos de catalogación, son un espazo de enterramento. Os espazos regulares de enterramento están relacionados co tipo de inhumación, co enterramento regular do cadáver nun cemiterio, nunha tumba ou nun nicho identificable; cando a inhumación da vítima non se realiza seguindo ese procedemento, atopámonos ante enterramentos levados a cabo de forma irregular, dos que son paradigmáticos os enterramentos en fosas comúns.

Nestas fosas comúns podemos atopar dende unha cantidade mínima de corpos -dos asasinados- ata números máis elevados de vítimas. Porén, no caso galego non se teñen identificado moitas fosas que conteñan inxentes cantidades de corpos, unha situación que si se da noutros lugares do Estado debido ás diferenzas nas formas de exercer a violencia. A este respecto, a fosa do cemiterio de Vilarraso, en Aranga, representa o enterramento irregular máis numeroso de Galicia, con 37 corpos identificados. Sen embargo, si existe unha grande cantidade de enterramentos irregulares -e tamén regulares-, en fosas, aínda que con poucos corpos en cada unha delas.

Dentro das fosas aínda existe unha distinción máis a ter en conta a efectos da súa catalogación. Á hora de identificalas e estudalas podemos atoparnos con fosas en campo aberto, é dicir, con fosas comúns que non están relacionadas cun cemiterio, se non que se identifican como tal debido ao abandono de corpos tras o asasinato, producíndose o enterramento nun lugar determinado no que permanecen soterrados sen ser trasladados, un caso escaso en Galicia. Por outra banda, atopamos as fosas comúns de cemiterio, isto é, aqueles espazos existentes dentro dun cemiterio, empregados para outro tipo de inhumacións, e que serviron ao mesmo tempo para o traslado e enterro dos corpos dalgúns asasinados. Son, polo tanto, espazos que xa eran empregados con anterioridade e que foron

empregados con posterioridade, pero que tamén serviron como lugar de enterramento para as vítimas.

A fosa do cemiterio de Vilagarcía de Arousa pertence a esta segunda tipoloxía. Debido a isto, o estudo histórico previo á intervención sobre a mesma cobra unha gran importancia, pois ten como obxectivo analizar todos os datos dispoñibles para, na medida do posible, recoñecer o espazo concreto que se empregou para enterrar ás vítimas da violencia.

Con isto preténdese facilitar a labor arqueolóxica e economizar os esforzos para que sexa o máis eficiente posible. Delimitar o espazo físico sobre o que se actuará é unha decisión, ademais, interdisciplinar e consensuada entre os historiadores encargados do estudo, os arqueólogos que a levarán a cabo e o responsable antropólogo forense. Entre todos veñen de concretar ese espazo tras realizarse o estudo previo.

O estudo histórico comezou co coñecemento das vítimas enterradas na fosa. Con anterioridade á decisión de intervila xa se levara a cabo a dignificación da súa memoria, materializada na colocación dun panel na entrada do cemiterio que honra os nomes dos asasinados, coñecidos a través da memoria dos familiares e das fontes documentais. O coñecemento da identidade das vítimas é o que permite o seguinte paso da investigación: a documentación de todos os datos posibles relacionados con elas para conseguir identificalas e situalas da forma máis precisa posible. Neste sentido, Galicia ten unha posición privilexiada dentro do conxunto do Estado, pois grazas ao Proxecto Nomes e Voces (2006-2012) contamos cunha base de datos (victimas.nomesevoces.net) na que se atopan catalogadas todas as vítimas da violencia que sucedeu ao golpe de Estado, con numerosos *ítems* asociados que referencian as diferentes fontes ás que recorrer para a documentación de cada unha desas vítimas. É grazas á base de

datos de Nomes e Voces que se puido facer unha primeira achega á documentación asociada a cada asasinado -por exemplo, os rexistros de defuncións-, o que tamén permitiu coñecer que cantidade de información temos dispoñible en cada caso.

Debido a que o obxectivo final era constatar onde se atopaban enterradas esas persoas, o equipo de investigación decidiu acceder aos fondos municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa, na busca de toda a documentación dispoñible relacionada co cemiterio. Neste senso realizáronse os contactos oportunos co Concello, que colaborou en todo momento -dende o equipo de goberno ata o persoal pertinente- para facilitar e axilizar o acceso aos fondos solicitados. Coñecido o inventario de documentación, a investigación centrouse en tres unidades concretas, as que serán de maior utilidade para o obxectivo final. A primeira delas é o libro de fosas do cemiterio, no que aparecen rexistradas todas as persoas enterradas na fosa común segundo a data na que os corpos foron depositados alí. Isto non so nos permitiu corroborar os datos referentes ás datas de morte, se non tamén que o rexistro de entrada confirmaba a presenza dos corpos na fosa. A segunda unidade de interese é o libro de obras do cemiterio, no que se pretendía indagar sobre o espazo físico que ocupou ao longo do tempo a fosa para coñecer se foi modificado nalgún momento e se isto podería afectar á localización dos corpos. O terceiro fondo non está relacionado co achado das vítimas en si, se non coa súa identificación, xa que se trata dos diferentes libros de recruta de veciños do concello, nos que se consultará a talla dos varóns. Esta información será facilitada ao experto forense do equipo de traballo para facilitar a posterior identificación.

Tamén se levou a cabo unha entrevista oral cun antigo enterrador do cemiterio, xa xubilado, que traballou dende a década dos oitenta no espazo. A súa colaboración foi plena dende o primeiro momento, e

de gran utilidade para axudar a delimitar a actuación a levada a cabo. Nesta entrevista estiveron presentes, tamén, os equipos de arqueoloxía e antropoloxía forense. A pesar de que o entrevistado non contaba con referencias sobre o modo de proceder dos antigos enterradores do cemiterio, a súa testemuña resultou moi aclaratoria sobre a forma na que se puideron ter levado a cabo con anterioridade as inhumacións na fosa; e, o que foi máis importante, axudou a delimitar a zona que será escavada, pois os detalles da forma na que el escollía o sitio a empregar da fosa e a confirmación de que nos espazos que el empregou nunca foron achados outros restos humanos, acabou por decidir a área de actuación, allea a esa que el identificada como empregada varias décadas despois.

A continuación preséntanse os datos das persoas cuxos restos que se intentaron recuperar³:

Rodrigo Berruete Alejandro

- Proceso
- Xornaleiro de 34 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Morto o 16 de febreiro de 1937
- Xulgado por rebelión militar suspendéndose as

actuacións ao saberse que estando fuxido rexístrase a súa morte en Vilagarcía de Arousa a causa de acción de guerra coa forza pública.

Manuel Limeres Ordóñez

- Proceso
- Xornaleiro de 29 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

³ Componse a ficha de cada unha das persoas do seu nome, dos datos que figuran no arquivo dixital "Nomes e Voces", así como de outra información que axuda a contextualizar as circunstancias das súas mortes.

- Morto o 16 de febreiro de 1937
- Xulgado por rebelión militar. Suspéndense as actuacións ao informarse da súa morte en acción de guerra coa forza pública.

Antonio Sayanes González

- Proceso
- Fogoneiro de 33 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Morto o 13 de marzo de 1937
- Xulgado por rebelión co resultado de declaración de rebeldía. Fuxido e morte por encontro coa forza pública.



Manuel Díaz Hermo

- Proceso
- Xornaleiro de 27 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

- Morto o 13 de febreiro de 1937
- Xulgado en varias causas por rebelión, suspéndense as actuacións ao coñecerse a súa morte en enfrontamento coa garda civil en Vilagarcía.

Urbano Tarrío Montero

- Proceso
- Xornaleiro de 26 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Morto o 16 de marzo de 1937
- Xulgado por rebelión pero suspéndense as actuacións por morte en acción de guerra.

Pilar Fernández Seijo

- Morte (outras tipoloxías)
 - Obreira de 41 anos
 - Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
 - Morta o 16 de febreiro de 1937
 - Xulgada por rebelión pero suspéndense as actuacións.
- Morte nun monte de Vilagarcía ao incendiar a garda cívica a casa na que se agochaba en compañía doutras persoas fuxidas. Rexistrado o suceso como "acción de guerra".

Josefa Barreiro González



Os nomes destas seis persoas aparecen na documentación xerada en torno a un proceso xudicial aberto contra elas (causa 288 do 1937) polos delitos de rebelión e roubo a man armada. Reprodúcese o contido do informe da Garda Civil elaborado con data de 17 de marzo do ano 1937 no marco do devandito proceso:

“Iniciado el Glorioso Movimiento Nacional por las fuerzas del Ejército, gran número de obresos de filiación marxista se opusieron en esta localidad al desarrollo del mismo, para lo cual se dedicaron a la requisa de vehículos y armas de propiedad particular, así como a cometer diversos sabotajes en las líneas telegráficas, telefónicas y del alumbrado público, voladura de alcantarillas en las carreteras y caminos de este término, cortes de suministro de agua y atentados contra la fuerza pública de los que resultaron muertos dos Carabineros y un Guardia Civil y heridos otros Guardias. Muchos de estos obresos

depusieron su actitud reintegrándose al trabajo al amparo de los Bandos de Guerra, otros fueron detenidos por la fuerza pública y Milicias y más tarde procesados y penados por los Tribunales Militares a consecuencia de su participación en los delitos de referencia, y un número escaso de los dirigentes máis exaltados y peligrosos por su acción se internó en los montes de Xiabre y Lobeira burlando la acción de la Justicia y organizando unha partida latro-facciosa armada que durante algún tiempo se mantuvo aislada sin dar señales de vida, hasta que merodeando por los pueblos de este término municipalñ y otros próximos cometieron diversos robos en cuadrilla y a mano armada como fueron los perpetrados en los establecimientos de José Serantes, de Puenteanelas, en de Antonio Lema Piay, del Vento (Cea) y en la casa de Peregrino Paulos del lugar de La Torre, los dos últimos de este término.

Esta partida latro-facciosa estaba capitaneada y constituída en la siguiente forma:

Rodrigo Berruete Alejandro (A) Gitano, vecino de Villagarcía, capitán de la Banda que resultón muerto en la madrugada del día 16 de Febrero último en el lugar de Loenzo de Abajo, de este Municipio, en encuentro con la fuerza pública.

Manuel Limares Ordoñez, también vecino de Villagarcía, y así mismo muerto el mismo día y en la misma forma que el anterior.

Un tal **Say Anes** que se dice era vecino de Lavaderes (Vigo) y había formado parte de otra partida que medodeó por Perteareas capitaneada por un tal Fresco desconociéndose más datos, el cual también resultó muerto el citado día y en el referido lugar como los dos anteriores.

Manuel Díaz Hermo (a) Cuevas, vecino de Guillán en este término municipal, quien resultó muerto en la tarde del día 13 de Febrero

pasado, en las inmediaciones de Jovelle, en un encuentro con la fuerza pública.

Urbano Tarrío Montero, vecino de Rubianes de este término que también resultó muerto el día 16 del corriente en el lugar de La Torre del mismo término y tambiuén en encuentro con la fuerza pública.

[...]

Pilar Fernández (a) La Montañesa, vecina de Trabanca de este término, quien resultó muerta el día 13 de Febrero último, estando en compañía del Gitano y otros de la partida en el encuentro con la fuerza pública habido en Loenzo de Abajo y a que anteriormente se alude.

Josefa González, sin segundo, vecina de La Torre que fué detenida por este puesto el día 16 del correinte e ingresada en la prisión de esta ciudad a disposición del Comandante Militar de Pontevedra, por tener oculto en su domiciliio a Urbano Tarrío del que anteriormente se hace mención.

Nun informe asinado con data de 20 de marzo de 1937 recóllese o seguinte:

“Como continuación al oficio que me fué honroso remitirle con fecha 17 del corriente relacionado con la causa nº 288 del año actual que se instruye en ese Juzgado de su merecido cargo por los delitos de rebelión y robo a mano armada, y en cuyo oficio le hacía constar como encubridora a **Josefa González** sin segundo, vecina de La Torre de este término que había sido detenida el día 16 y puesta a disposición del Comandante Militar de Pontevedra, por tener oculto en su domicilio al rebelde Urbano Tarrío Montero, tengo el honor de participar a V.S. que la expresada Josefa González ha sido pasada por las armas el día 19 del que rige a las siete ded la mañana, obedeciendo órdenes de la referida Autoridad militar, como incurso en los Bandos de guerra. **Su cadaver**

recibió sepultura en el Cementerio municipal de esta ciudad y su defunción fué anotada en el Registro civil de la misma”.

Luís Castro Lojo

- Paseo
- Mariñeiro de 25 anos
- Natural de A Illa de Arousa
- Morto o 9 de xaneiro de 1937
- Tras pasar por varias prisións, prodúcese a súa morte nun traslado. Morte rexistrada en Vilanova de Arousa a causa de disparos feitos pola forza pública ao tentar evadirse.

Eduardo Ferreirós Boullosa

- Paseo
- Estibador de 32 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Morto o 22 de agosto de 1936
- Morte rexistrada na Capela de Santo Antoniño a causa de disparo de arma de fogo.

Avelino Fuentes García

- Proceso
- De 45 anos
- Natural de Vilanova de Arousa
- Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía.

Amador Gómez Agustíño

- Paseo
- Chofer de 32 anos
- Natural de Portugal
- Morto o 27 de outubro de 1936

- Rexistrado en Vilagarcía de Arousa morto a causa de feridas por arma de fogo. Lugar de aparición do cadáver: Capela de San Antoniño.

Luís Iglesias Galáns

- Paseo
- De 32 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa
- Morte por orde da autoridade militar.

Inocencio Lamas Bugallo

- Paseo
- Labrego de 43 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Morto o 23 de agosto de 1936
- Rexistrado morto en Vilagarcía de Arousa a causa de disparo de arma de fogo. Lugar de aparición do cadáver: Monte Soloveira.

Joaquín Ramos Patiño

José Ramón Roo Pérez

JUEVES
15 DE ABRIL DEL 2004

Arousa | L7

Crónica | Homenaje en Vilagarcía a los republicanos asesinados y arrojados a la fosa común

Escondrijo, calabozo y muerte en Cornazo

La vivienda de Agustín Romero les dio cobertura para esquivar a los fascistas durante seis meses. Al final, tres hombres cayeron bajo las balas por sus meras ideas

Serxio González
VILAGARCÍA
■ Sólo tenía cinco años, pero hay cosas que nadie, en especial un niño, olvida. Andrés Roo aún recuerda aquella noche de mediados de enero de 1937. El rugido de los coches penetrando en Cornazo desde la carretera de Lobeira, la siniestra estampa de los agentes que, arma en mano, asaltaron la vivienda que Agustín Romero, notable de la parroquia fallecido lustros antes, construyó en 1908. Hoy, la casa es pura ruina pero entonces lucía como una de las mejores mansiones de la zona, en manos de los gadeses o caseiros, la familia Aragunde, que habitaba la propiedad y se encargaba de cuidarla.

Andrés corrió a refugiarse en la casa de su abuela, donde vivía toda su familia, diez

personas para las que nada volvería a ser lo mismo. En realidad, todo había cambiado seis meses antes, en julio de 1936, con el alzamiento fascista del general Franco.

Los falangistas habían puesto precio a la cabeza de Luis Roo, su padre, un cantero venido de Noia, y de su tío Luis Iglesias, carretero de Cornazo. Su pecado, militar en un sindicato integrado en la UGT. Ninguno de ellos se echó al monte. Tampoco intentaron huir del país. Hicieron lo que estaba en su mano y lo que les ofreció un vecino: ocultarse en la vivienda de Romero, detrás de una pared falsa de madera, a la espera de que llegasen tiempos mejores y las heladas madrugadas de matanza pasasen de largo. Pronto comprobaron que



ALEJANDRO RODRIGUEZ

Andrés Roo, frente a la casa de Cornazo en la que su padre y su tío se ocultaron hasta 1937

eludir la persecución resultaría complicado. La Guardia Civil y los falangistas peinaban Cornazo con frecuencia

te. Andrés retiene la imagen de las patrullas penetrando en la pequeña vivienda familiar, a apenas unos metros, y a la

dicen que el delator fue un borracho. Detención, dos días en el calabozo del Ayuntamiento —allí los vio Andrés por última vez— y fusilamiento, junto a Aragunde, en la actual rotonda de Larsa. Los cadáveres, tres tumbas anónimas. Pasados los años, se les exigió 25 pesetas a las familias por guardar las cenizas. Era un precio imposible de pagar. Así acabaron sus restos en la fosa común. No su memoria.

67 años más tarde, Andrés aún recuerda el último consejo de su tío: «Cando vexas un paxaro pechado, ábrelle sempre»

y obligaban a sus mujeres a salir al camino en plena noche para llamarles a voz en grito. Ellos lo veían, impotentes desde el muro de su escondi-

mujer de un falangista, que espía a su madre y su tía, por si tendían a deshora las ropas de sus maridos. El cerco se cerró en enero,

Luíz Vilas Barreiro

Luís Aragunde Alfonsín



Maías Bouzada Torrado

- Paseo
- Carpinteiro de 31 anos
- Natural de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Morto
- Tortura no cuartel da Falange de Vilagarcía e morte ao non quere revelar o paradiro do seu irmán Manuel. Aparición do cadáver nunha cuneta en Catoira.

8.2 Estratexia de escavación

Tendo en conta toda a información mencionada con anterioridade, tralas investigación feitas en relación ao lugar no cal se sitúa a fosa na que foron depositados os restos das persoas anteriormente mencionadas, propúxose a realización dunha escavación en área dentro do espazo delimitado na esquina sur do cemiterio de Vilagarcía de Arousa área que se foi ampliando no devir da intervención polas necesidades e os achados da mesma.

Nesta zona, a diferenza do resto da metade máis occidental do cemiterio, non se levantaron bloques de nichos, deste xeito só se ve afectada pola disposición de antigas tumbas, tres panteóns, unha pequena fonte e un monolito “en lembranza dos republicanos que xacen desde 1936 nesta fosa común”.



Imaxe 6. Vista do recinto da área formulada inicialmente.



Imaxe 7. Vista do estado previo aos traballos de escavación.

A efectos organizativos, aínda que a intervención contemplaba unha única área empregando a cantidade espazo dispoñible na zona sur do cemiterio, dividiuse o espazo por sectores adaptados ao traballo en campo e as diferentes ampliacións autorizadas durante o traballo de campo pola DXPC.

Deste xeito, a escavación arqueolóxica dividiuse en 6 sectores:

- Sector 100 situado na zona norte do espazo delimitado como fosa común ata os panteóns (ao W).
- Sector 200 definido polos panteóns ao W e o límite do camiño ao S.
- Sector 300 situado no límite entre dúas tumbas ao E da área definida como fosa común.
- Sector 400 espazo definido, como sucede co sector 300, polo límite entre dúas tumbas actuais e o espazo de fosa común.
- Sector 500 área de escavación situada, coma as anteriores, entre dúas tumbas actuais e ao E do espazo definido como fosa común.
- Sector 600 situado ao norte, fora da área identificada como fosa común, no camiño que discorre entre os bloques de nichos e as tumbas recentes.



Imaxe 8. Sectores intervidos no recinto: sector 100 (1), sector 200 (2), sector 300 (3), sector 400 (4), sector 500 (5) e sector 600 (6).

8.3 Metodoloxía

A escavación levouse a cabo con medios manuais, se ben previamente realizouse un decapado da zona circunscrita aos traballos empregando para elo unha pa mecánica con cazo de limpeza. Tras elo, e tendo presente o protocolo antes reproducido, optouse sempre que foi posible polo uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeiras e instrumentos odontolóxicos.

Empregouse a técnica de escavación estratigráfica con alternancia de escavación por niveis artificiais, todo elo circunscrito aos límites da área previamente formulada. En consecuencia, a intervención avanzou seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ou ben mediante a retirada en sucesivas capas artificiais ata detectar cambios significativos na estratigrafía, para a continuación realizar unha escavación manual.

O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfaces que compoñen a estratificación arqueolóxica realizouse atendendo aos criterios e prescricións propostas no Edwar C. Harris (1991). Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, dispuxéronse de fichas de rexistro previamente confeccionadas.

A documentación descritiva recolle unha valoración básica da secuencia estratigráfica documentada na sondaxe. A información estrutúrase de forma que primeiro se recolle o estudo analítico de cada entidade de estratificación identificada, seguido dunha interpretación, referíndose de forma xenérica á explicación do proceso de formación concreto de cada elemento. Cada estrato e elemento identificado ten a súa propia numeración e ficha de rexistro, e relacionase cunha secuencia cronoestratigráfica global.

Empréganse coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89. Para o desenvolvemento da intervención emprégase un GPS subcentimétrico que permitiu recoller datos espaciais, tanto relativos á localización de restos de interese como para a delimitación e representación dos estratos e interfaces identificados. Fotografáronse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resultaron de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400, NIKON D3200, ou semellantes).

Para a documentación planimétrica empregouse o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:20 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño gráfico (AutoCAD 2014 ou semellantes).

En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entregárase en formato electrónico, en soporte shapefile (shp) ou compatibles, coa finalidade de que permita unha fácil interacción entre sistemas SIG.

8.4 Actuación arqueolóxica

Os traballos comezaron o día 3 de novembro coa realización do decapado con medios mecánicos (pa mecánica con cazo de limpeza) dos estratos superficiais da sondaxe ata o achado de restos humanos escavados de xeito manual con ferramentas axeitadas a tal fin.

Sector 100

A escavación arqueolóxica do sector 100 comeza coa retirada da **UE 100** correspondente co nivel superficial de cuberta vexetal e nivel de uso do cemiterio composto de céspede e diferentes tipos de gramíneas disposto por toda a sondaxe cunha potencia de entre 5-30 cm.



Imaxe 9. UE 100 cuberta vexetal. Vista dende o N.

Xunto a cuberta vexetal (UE 100) rexístrase un estrato semellante (**UE 125**) composto de xabre granítico (de 1 a 3 cm) correspondente co

camiño actual do cemiterio estendido polo W da sondaxe cunha potencia variable de entre 5 e 30 cm.

Trala retirada dos estratos superficiais documéntase na marxe NW da sondaxe un depósito heteroxéneo de sedimento negro (**UE 113**) cunha potencia de 20 cm e orientación E-W.



Imaxe 10. UE 125. Camiño actual do cemiterio. Vista no perfil norte.



Imaxe 11. UE 113. Vista dende o N.

O estrato localízase a 90 cm do perfil W continuando por este con abundantes fragmentos de tella disgregada, así como seixos de pequeno tamaño. É probable que o depósito este relacionado con recheos realizados no camiño do cemiterio.

De seguido, baixo a UE 113, dispónse no perfil W da sondaxe un depósito amarelo de gran grosor tipo xabre (**UE 124**) cunha potencia variable de entre 3 e 7 cm e orientación N-S estendido pola zona W da superficie de escavación. Como sucedía co estrato anterior é probable que o depósito se relacione con niveis de remodelación do espazo do camposanto.

A continuación, retirada a UE 124 localízase un depósito homoxéneo de cor marrón escuro moi orgánico (**UE 101**) de compactidade media e gran fino cunha potencia variable duns 33 cm no que se introducen con frecuencia fragmentos de seixo e cerámica. Este estrato está configurando un nivel de recheo ou construción do cemiterio.



Imaxe 12. UE 124. Vistas dende o E.



Imaxe 13. UE 101. Proceso de decapado. Vista dende o N.



Imaxe 14. UE 101. Vista da UE no perfil N do sector 100.

Trala retirada deste depósito (UE 101) e continuando co decapado da área con pa mecánica rexístrase no perfil E a **UE 106** que consiste nun depósito homoxéneo de sedimento negro e aspecto orgánico, de 20 cm de potencia, moi similar a UE 101 tratándose por tanto dun depósito orgánico previo aos niveis de substrato.



Imaxe 15. UE 106. Vista do depósito UE 106 no perfil E.

Trala retirada dos depósitos descritos anteriormente localizouse na zona E da área un depósito homoxéneo de sedimento negro (**UE 104**) de aspecto orgánico cunha orientación E-W e unha lonxitude de 90 cm, 140 cm de ancho e 20 cm de potencia. Atópase reenchendo a o corte definido pola **UE 105** de ruptura cóncava, planta irregular e esquinas redondeadas que corta a UE 102.

Como sucederá cos seguintes depósitos e cortes documentados, estas unidades estratigráficas definen unha serie de intrusionas orgánicas no terreo natural.



Imaxe 16. Depósito UE 104. Vista dende o W.



Imaxe 17. Corte UE 105. Vista dende o W.

A continuación, na zona central do sector rexístrase un depósito (**UE 107**) de sedimento orgánico de cor marrón escura case negra, de textura arxilosa, compactidade media e esquirlas de seixo e granito asociadas, así como restos de carbóns.

O depósito atópase reenchendo o corte, **UE 108**, de ruptura cóncava, planta irregular, paredes rectas e esquinas circulares cunha lonxitude de 70 cm, 65 cm de ancho e unha potencia máxima de 26 cm. Tanto o depósito como o corte apóianse na UE 102.



Imaxe 18. UE 107. Depósito orgánica da UE 108. Vista dende o N.



Imaxe 19. UE 108. Corte da zona central. Vista dende o N.

De xeito paralelo, tamén na zona central, rexístrase un depósito de composición semellante ao anteriormente descrito (**UE 109**) cor negro, compactidade media, gran fino e textura arxilosa que reenche o corte **UE 110** practicado na UE 102. Presenta planta ovalada, ruptura convexa e esquinas redondeadas, orientación NW-SE, unha lonxitude de 70 cm, 20 cm de ancho e acada unha potencia de 8 cm.

De seguido, ao norte do sector rexístrase un depósito heteroxéneo **UE 111** de sedimento marrón escuro case negro con intrusión de pequenas manchas de cor amarela e textura limosa. As súas características compositivas son semellantes aos anteriormente descritos. Este depósito (UE 111) reenche a **UE 112**. Trátase dun corte de planta ovalada, ruptura cóncava e perfil redondeado, presenta orientación N-S, 50 cm de lonxitude, 40 cm de ancho e unha potencia máxima de 20 cm.

No perfil W do sector rexístrase un depósito (**UE 114**) de sedimento negro, orientación norte-sur, textura arxilosa, gran fino e compactidade media-alta que acada unha forma irregular tendente ao ovalo. Este depósito reenche ao corte **UE 115**. Trátase dun corte de forma en planta irregular tendente ao ovalo, ruptura convexa coas esquinas redondeadas e as seguintes medidas: lonxitude de 40 0cm, 9 cm de ancho e unha potencia de 15 cm.

A UE atópase cortando a o estrato 102 e reenchese por UE 114.

A continuación, no mesmo perfil W, sitúase un depósito **UE 116** de características semellantes ao anteriormente descrito (sedimento negro, textura arxilosa, gran fino e compactidade medial-alta). Atópase reenchendo a **UE 117** que como o depósito presenta unhas características similares aos anteriores (forma tendente ao ovalo, esquinas redondeadas e ruptura cóncava), 35 cm de lonxitude, 20 cm de ancho e unha potencia de 10 cm.



Imaxe 20. UE 109. Vista dende o W.



Imaxe 21. UE 110. Vista dende o W.



Imaxe 22. UE 111. Vista dende o W.



Imaxe 23. UE 112. Vista dende o E.



Imaxe 24. UE 114. Vista dende o E.



Imaxe 25. UE 115. Vista dende o E.



Imaxe 26. UE 116. Vista dende o W.



Imaxe 27. UE 117. Vista dende o E

Seguindo no mesmo perfil W rexístranse outros dous depósitos (**UE 118 e UE 120**) de características semellantes que os anteriormente descritos situados no mesmo perfil W. Estes depósitos atópanse reenchendo aos seus respectivos cortes tamén semellantes entre si e cos anteriores (**UE 119 e UE 121**). Presentan unhas medidas de 30 cm de lonxitude, 28 cm de ancho e una potencia de 15 cm; 50 cm de lonxitude, 45 cm de ancho e unha potencia de 3 cm respectivamente.

Os depósitos e os cortes apóianse sobre a UE 102 e interprétanse como intrusionés orgánicas no terreo natural.

Cara ao noroeste do sector localízase un depósito heteroxéneo (**UE 122**) de sedimento escuro e planta ovalada na que se introducen pequenas manchas cor ocre ao que se asocian pequenos seixos illados.

O depósito atópase reenchendo ao corte **UE 123** de planta ovalada de orientación NW-SW cunha ruptura cóncava e esquinas redondeadas. Atópase cortando a UE 102. Presenta 60 cm de lonxitude, 40 cm de ancho e unha potencia de 5 cm.

De seguido, cara ao NE, rexístrase un depósito homoxéneo (**UE 126**) de sedimento orgánico marrón escuro case negro, compactidade media, textura arxilosa e planta circular/ovalada. Atópase reenchendo o corte **UE 127** de forma en planta ovalada/circular, de ruptura cóncava coas esquinas redondeadas e base plana. Presenta 38 cm de lonxitude, 40 cm de ancho e unha potencia de 10 cm. O corte efectúase na UE 102.



Imaxe 28. UE 118. Vista dende o E.



Imaxe 29. UE 119. Vista dende o E.



Imaxe 30. UE 120. Vista dende o E.



Imaxe 31. UE 121. Vista dende o E.



Imaxe 32. UE 122. Vista dende o E.



Imaxe 33. UE 123. Vista dende o E.



Imaxe 34. UE 126. Vista dende o E.



Imaxe 35. UE 127. Vista dende o E.

Xunto ao perfil creado no monólito que interrompe o espazo do sector 100 localízase un depósito (**UE 128**) de forma e composición semellante a UE 126 anteriormente descrito. Este depósito atópase reenchendo o corte **UE 129** de forma ovala, tendente ao círculo, de ruptura cóncava coas esquinas redondeadas e base plana. Presenta 40 cm lonxitude, 45 cm de ancho e unha potencia de 25 cm. O corte esta efectuado na UE 102.

A presenza destes estratos débese a diversas intrusionns naturais no terreo.

De seguido, cara o N do monolito documéntase un pequeno depósito (**UE 130**) de composición semellante aos anteriormente descritos que se sitúa xunto ao perfil N do sector. O depósito atópase reenchendo ao corte **UE 131** de forma ovalada, ruptura cóncava, esquinas redondeadas e base plana cas seguintes medidas: 40 cm lonxitude, 20 cm de ancho e 20 de potencia. Atópase cortando a UE 102.

Finalmente no NW do sector, xunto ao monólito, rexístrase un depósito (**UE 132**) de características e composición semellante aos anteriores que reeche ao corte **UE 133**, de forma semellante a UE 127, cunhas medidas de 35 cm de lonxitude, 27 cm de ancho e unha potencia de 25 cm. Atópase cortando a UE 102 e considéranse intrusión orgánicas no terreo.



Imaxe 36. UE 128. Vista dende o E.



Imaxe 37. UE 129. Vista dende o E.



Imaxe 38. UE 130. Vista dende o E.



Imaxe 39. UE 131. Vista dende o E.



Imaxe 40. UE 132. Vista dende o E.



Imaxe 41. UE 133. Vista dende o S.

Tralo rexistro e retirada dos estratos descritos anteriormente localizouse un depósito heteroxéneo de sedimento ocre (**UE 102**) textura arxilosa e gran medio-fino estendido pola totalidade da área cunha potencia variable de entre 30 e 45 cm.

Pola súa composición e disposición na estratigrafía trátase dun nivel de substrato sobre o cal se estenden as intrusionións naturais.

Pola súa banda na zona sur do sector documéntase un depósito de sedimento de gran grosa tipo xabre granítico (**UE 103**) identificado como parte do substrato xeolóxico que se deixa a vista na zona sur do sector, posto que nesta zona afondouse máis para comprobar con certeza que se trataba do substrato natural. Dando así por finalizada a intervención arqueolóxica do sector 100.



Imaxe 42. UE 102 e 103.



Imaxe 43. UE 103 en planta. Vista dende o S.



Imaxe 44. Estado final do sector 100. Vista aérea.

Sector 200

As labores de escavación do sector 200 (definido polo espazo dispoñible entre os panteóns ao W e o límite do camiño ao S) comezaron coa retirada do nivel superficial **UE 200** composto da cuberta vexetal a base de céspede e diversas clases de gramíneas semellante a UE 100.



Imaxe 45. UE 200. Vista dende o N.

Baixo a capa vexetal atópase un depósito heteroxéneo (**UE 203**) de sedimento marrón claro estendido pola totalidade da área. Presenta compactidade baixa e gran fino intrusións de pedras de seixo e granito, así como aportes de material construtivo contemporáneo como fragmentos de ladrillo e cemento, e anacos de material téxtil que semella ser roupa.

Na súa parte E documéntanse manchas amarelas de gran grosor tipo xabre que vai desaparecendo ao norte do sector ás que se asocian pequenos fragmentos de material construtivo, tela e plásticos.

Pola súa composición este nivel interprétase como un recheo realizado durante a construción ou reforma do cemiterio.

Cara a o perfil W do sector, xunto aos panteóns que limitan o sector ao W, recupéranse dúas placas de sinalización de ferro nas que se observan os números 480 e 483. A 480 en posición primaria e a 483 en posición secundaria.

O achado permite construír unha hipótese sobre a disposición dos restos dos vítimas que ocasionou a reformulación do espazo de intervención. E orientar a intervención cara a localización das fosas 490 e 494, coincidentes co número de rexistro de dous represaliados, Inocencio Lamas Bugallo e Eduardo Ferreirós Boulosa.

Unha das placas gravada co número 480 atópase en liña coa tumba identificada na área coas unidades estratigráficas 211 e 212, tendo en conta que a numeración é coincidente co rexistrado no libro de fosas este achado permitiu calcular de xeito preliminar o espazo hipotético que ocuparían os restos dos vítimas atendendo tanto a numeración establecida polas placas, como polo libro de fosas e a propia distancia presente entre as mesmas. Estas razóns levaron a solicitar a DXPC unha ampliación no espazo dispoñible entre as tumbas recentes na zona destinada a fosa común.

Deste xeito, unha das cuestións que se pretende esclarecer coa reformulación dos sectores 300, 400 e 500 é observar en que medida se está a reempregar o espazo de enterramento da fosa común despois de 1936 e se é posible recuperar os restos máis antigos.



Imaxe 46. Achado placa de sinalización co número 480. Vista dende o E.



Imaxe 47. Achado da placa de sinalización 480 en relación coas UEs 211 e 212.



Imaxe 48. Achado da placa de sinalización 483 na UE 203. Vista dende o E.



Imaxe 49. UE 203. Vista dende o W.

A continuación, trala retirada dos estratos UE 200 e 203, localízase un pequeno depósito homoxéneo, **UE 201**, visible so no perfil N do sector, composto de sedimento marrón escuro de aspecto moi orgánico con abundantes intrusións de fragmentos de seixo, compactidade media cunhas características semellantes a UE 101. Do mesmo xeito que esta, a UE 201 trátase dun recheo orgánico do cemiterio.



Imaxe 50. UE 201. Vista dende o S.

Cara o extremo este do sector rexístranse un depósito homoxéneo (**UE 204**) de sedimento marrón-negro escuro case negro, arxiloso, húmido, de compactidade media, gran fino de orientación E-W no que se atopan restos óseos, material metálico e téxtil. O depósito acada 45 cm de potencia e atópase reenchendo o corte UE 205.



Imaxe 51. UE 204. Vista dende o W.

A **UE 205** está composta por un corte de forma en planta rectangular, orientación E-W nos seus lados máis longos, ruptura cóncava e base plana. Presenta 98 cm de lonxitude, 70 cm de ancho (N-S) e 57 cm de potencia.

Grazas ao contido do estrato UE 204, a fosa definida pola UE 205 permite interpretar estas unidades estratigráficas como o espazo dun enterramento de cronoloxía actual, non coincidente con inicios do século XX.



Imaxe 52. Detalle da roupa recuperada na UE 204.



Imaxe 53. UE 205. Vista dende o W.

De seguido, en paralelo a UE 204, localízase un depósito (**UE 206**) de sedimento negro, textura arxilosa que non se escava na súa totalidade dado que no proceso de escavación manual atópanse fragmentos de plástico, así como apliques do mesmo material e espuma procedente do interior dun ataúde datando o enterramento nun período posterior ao perseguido nos obxectivos da intervención.

A UE 206 atópase reenchendo o corte **UE 207** de forma rectangular, 83 cm de lonxitude e 80 de ancho e orientación E-W que como sucede co depósito que o reenche non se escava.

A fosa definida polas UE 206 e 207, como sucede coa anterior, atópase cortando a UE 202 e interprétase como un posible enterramento no que se recuperan materiais contemporáneos tales como apliques de plástico e espuma procedente dun ataúde polo que o depósito non se esgota quedando fora dos obxectivos da intervención.



Imaxe 54. UE 206 e 207. Vista dende o W.



Imaxe 55. Detalle da espuma do ataúde na UE 206.



Imaxe 56. Detalle do aplique de plástico de adorno do ataúde na UE 206.

Finalmente, en paralelo as outras dúas fosas identificadas, documéntase unha terceira formada por un depósito **UE 208** de composición semellante aos anteriores e que tampouco se esgota atendendo as razóns anteriormente expostas.

O depósito UE 208 atópase reenchendo o corte **UE 209** que, de novo, non se escava na súa totalidade. Sen embargo presenta unas características semellantes aos seus homólogos (UE 205 e 207).



Imaxe 57. UE 208 y 209. Vista dende o W.

Do mesmo xeito ca os anteriores, as UEs 208 e 209 están cortando a UE 202 configurando o espazo dunha tumba que por mor das razóns xa expostas atópase fora dos obxectivos da intervención.

A continuación, na marxe norte do sector rexístrase un depósito (**UE 210**) de sedimento amarelo-marrón de textura arxilosa no que se mestura sedimento marrón e gran groso tipo xabre. Presenta unha compactidade media e orientación E-W con 250 cm de lonxitude e 120 cm de ancho.

A este depósito asóciáanse fragmentos de madeira pertencentes a un ataúde, así como material óseo en posición secundaria, metal e vidro.



Imaxe 58. Detalle dos restos óseos en posición secundaria na UE 210.
Vista dende o W.



Imaxe 59. UE 210. Vista dende o W.



Imaxe 60. Proceso de extracción dos restos óseos da UE 210 para a súa posterior análise en laboratorio.



Imaxe 61. Restos óseos da UE 210.



Imaxe 62. Restos óseos da UE 210.



Imaxe 63. UE 213. Vista dende o W

Durante o proceso de escavación da UE 210 foron visibles fragmentos de espuma e madeira de mala calidade asociados a enterramentos recentes superpostos sobre outra estrutura de madeira máis antiga. Isto, xunto coa achega de ósos mesturados en posición secundaria parece indicar a reemprego desta área do camposanto en momentos posteriores a inhumación das vítimas obxecto desta intervención.



Imaxe 64. Detalle da superposición dos ataúdes.

Os restos óseos mesturados no interior do depósito, UE 210, foron debidamente extraídos con ferramenta fina de madeira e gardados no debido embalaxe para a súa posterior análise osteolóxica en laboratorio elaborada polo antropólogo físico Fernando Serrula Rech.

Como sucedía coas fosas descritas nas UE 204, 206 e 208, o achado de materiais de plástico como, apliques ou espuma do ataúde datan estes enterramentos en cronoloxías posteriores a 1936 polo que non se esgotan na súa totalidade.

O depósito UE 210 atópase reenchendo un corte **UE 213** de forma irregular tendente ao rectángulo que, como xa se mencionaba, non se escava na súa totalidade.

Como sucedía coas anteriores, a fosa configurada polas UE 210 e 213 interprétase como unha tumba de cronoloxía recente no que se evidencian restos de enterramentos anteriores o que indica a reemprego do espazo destinado a fosa común imposibilitando a consecución dos obxectivos perseguidos na intervención.

A continuación, xunto ao corte UE 213 rexístrase un depósito (**UE 212**) de sedimento marrón amarelento no que se mestura gran groso tipo xabre con sedimento de gran fino. Presenta compactidade media e textura arxilosa, unha lonxitude de 2,35 cm e 45 cm de ancho. Trátase dun fosa de tamaño regular para un adulto, pero no seu interior rexístrase un ataúde de madeira de pequeno tamaño, para un infante (68 cm x 30 cm). Esta fosa foi a identificada co número 480.

A fosa 480 coincide cun enterramento realizado o 7 de xullo de 1936, o de María Lourdes Caeiro, así como con outro realizado o 19 de xaneiro de 1951 de Isolina Piñeiro, a cal podería ser unha nena, mostrándose así a coincidencia entre realidade documental e arqueolóxica.

Este depósito, UE 212, atópase reenchendo un corte **UE 211** de forma tendente ao rectángulo, orientación W-E e 235 cm de lonxitude e 45 cm de ancho que corta a UE 202.

Como sucedía nos casos anteriores, as UEs 211 e 212 non se esgotan na súa totalidade dado ao achado de materiais de cronoloxías posteriores as formulados nos obxectivos da intervención tales como apliques de plástico e espuma pertencente ao ataúde.



Imaxe 65. Corte UE 211 e depósito UE 212. Vista dende o N.



Imaxe 66. Detalle do ataúde do interior do depósito UE 212. Vista dende o N.

Tralo rexistro dos enterramentos situados ao norte do sector, documéntase un depósito homoxéneo (**UE 214**) de sedimento marrón escuro de aspecto orgánico, compactidade media, grao fino e textura arxilosa sen material asociado cunhas medidas de 110 cm de lonxitude, 90 cm de ancho máximo e 75 cm mínimo que reenche o corte UE 215.

A **UE 215** está composta por un corte de forma en planta irregular, base plana, paredes irregulares e unha potencia de 15 cm que se atopa cortando a UE 202.

Tanto o depósito como corte presentan unha interpretación semellante aos depósitos e cortes do sector 100 (UEs 104, 105, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 117, 118, 119, 120, 121, 122, 123, 124, 126, 127, 128, 129, 10, 131, 132, 133) tratándose de intrusión naturais no terreo.



Imaxe 67. UE 214. Vista dende o S.



Imaxe 68. UE 215. Vista dende o S.

A continuación, cara o W do sector 200 no límite xunto aos panteóns, rexístrase un depósito **UE 216** de sedimento marrón claro, compactidade media-baixa, gran fino e textura arxilosa no que se documenta unha bolsa de plástico con restos óseos.

Trala análise do contido da bolsa polo antropólogo físico Fernando Serrulla Rech, identifícase como unha amputación recente, procedente do hospital, procédese ao cambio da bolsa e o final da intervención vólvense a inhumar debidamente os restos.

A UE 216 atópase reenchendo un corte **UE 217** efectuado sobre a UE 202. Trátase dun corte de forma ovalada en planta, base plana, ruptura cóncava e paredes rectas.



Imaxe 69. UE 216. Vista dende o E.



Imaxe 70. UE 217. Vista dende o N.

Xunto co depósito de recheo (UE 216), o corte UE 217 conforma unha fosa destinada ao enterramento de membros amputados en época recente. A esta interpretación e descrición se adhiren o depósito **UE 218** e o corte **UE 219** situados na esquina W do sector xunto ao perfil situado entre dous panteóns.



Imaxe 71. UE 218. Vista dende o E.



Imaxe 72. UE 219. Vista dende o N.



Imaxe 73. Proceso de recollida de bolsa con restos humanos.



Imaxe 74. Proceso de análise do contido da bolsa de restos óseos en campo.



Imaxe 75. Embalaxe dos restos óseos para a súa inhumación.

Finalmente localízase un depósito heteroxéneo **(UE 202)** de sedimento ocre, textura arxilosa e gran medio-fino estendido pola totalidade do sector cunha potencia de 45 cm considerado un nivel natural semellante a UE 102.



Imaxe 76. UE 202 e estado final do sector 200.



Imaxe 73. Estado final sector 200. Vista dende o W.



Imaxe 74. Estado final sector 200. Vista dende o S.

Sector 300

O sector 300 sitúase no límite entre dúas tumbas recentes ao E da área definida como fosa común.

As labores de escavación comezaron coa retirada de xeito mecánico da cuberta vexetal composta de céspede e diferentes tipos de gramíneas (**UE 300**) que presenta unhas características semellantes as UEs 100 e 200 dos sectores precedentes.



Imaxe 75. UE 300. Vista dende o N.

Trala retirada do nivel superficial destinado ao uso actual do espazo (UE 300) rexístrase un depósito de sedimento marrón destinado a nivelación do cemiterio (**UE 301**) de características semellantes as UEs 101 e 201 dos sectores 100 e 200: compactidade media, gran fino e intrusión de raíces, seixos e fragmentos de cerámica.



Imaxe 76. UE 301. Vista dende o W.

Inmediatamente debaixo da UE 301 localízase na zona sur un depósito **UE 304** de sedimento marrón, de compactidade baixa, gran fino e textura arxilosa. Presenta intrusións de seixos de pequeno tamaño e unha orientación E-W. No interior do depósito localízanse os restos óseos en posición anatómica (cráneo, dentes e algún óso longo) dun individuo que, despois dunha limpeza manual con ferramenta de madeira axeitada para tal fin, procedeuse a súa extracción para o análise dos mesmos levada a cabo polo antropólogo físico (Fernando Serrulla Rech).

Durante o avance da escavación aqueles restos óseos expostos ás condicións ambientais foron tapados con material xeotextil diariamente para preservalos debidamente.

Este depósito atópase reenchendo ao corte **UE 303** definido coma un corte de forma irregular tendente ao rectángulo de base plana e fractura cóncava coas esquinas redondeadas. Atópase cortando a UE 302 e presenta, do mesmo xeito ca o depósito que o reenchía, as

seguintes medidas: 237 cm de lonxitude, 52 cm na súa parte W e 35 cm na parte E, e unha potencia de 60 cm.

A continuación, na zona norte do sector rexístrase un depósito de sedimento marrón (**UE 306**), compactidade baixa, gran fino e textura arxilosa semellante ao depósito da UE 304. Neste caso advírtese a presenza da tapa colapsada dun ataúde recente dentro do cal se atopa o esqueleto completo dun individuo disposto decúbiteo supino en posición primaria dentro dun sudario dun material semellante ao plástico.

Xunto ao extremo W do mesmo depósito, rexístranse fragmentos de madeira do que podería ser un ataúde previo ao rexistrado na UE 306, así como fragmentos de material óseo en posición secundaria asociados ao depósito do ataúde. Tendo en conta estes achados o depósito esgótase na súa totalidade.

O resultado foi negativo, chegando ao nivel natural trala retirada dos restos humanos, sen embargo a presenza de madeira doutro cadaleito baixo o exhumado na UE 306 e os ósos relacionados co depósito están a sinalar o posible reemprego do enterramento e unha posible cronoloxía orixinal dos restos en posición secundaria, de 1936.

Deste xeito, é posible que existira un enterramento previo (pode que dalguha vítima) que se atopa cortado pola tumba actual, de aí a presenza de madeira por debaixo do ataúde. Ao tempo, é posible que os ósos en posición secundaria achegados ao depósito foran removidos da tumba inicial, ao procederse co enterramento recente.

A continuación, trala retirada do depósito rexístrase un corte (**UE 305**) configurando unha fosa de forma en planta irregular tendente ao rectángulo, ruptura cóncava, base plana e esquinas redondeadas correspondente cun enterramento posterior a cronoloxía perseguida nos obxectivos da intervención arqueolóxica.

Finalmente, trala escavación e rexistro do depósito (UE 306) e do corte (UE 305) os restos óseos albergados no ataúde foron inhumados de novo.



Imaxe. 77. UE 304. Vista dende o W.



Imaxe 78. UE 303. Vista dende o E.



Imaxe 79. UE 306. Vista dende o W.



Imaxe 80. Detalle do ataúde da UE 306. Vista dende o N.



Imaxe 81. Detalle do individuo do ataúde da UE 306. Vista dende o E



Imaxe 82. UE 305. Vista dende o E

Finalmente, trala retirada dos restos humanos para o pertinente análise osteolóxico rexístrase un depósito heteroxéneo (**UE 302**) de sedimento ocre, textura arxilosa e gran medio-fino estendido pola totalidade do sector cunha potencia de 45 cm considerado un nivel natural sobre o cal se dispoñen os cortes e os depósitos definidos polos enterramentos dos individuos achados (UE 304, 305, 306 e 307).



Imaxe 83. UE 302 e estado final do sector 300. Vista dende o W.

Tras o rexistro deste estrato (UE 302) considerase finalizada a intervención arqueolóxica neste sector acadando de xeito preliminar os obxectivos formulados inicialmente.

Sector 400

O sector 400 é un espazo definido, como sucede co sector 300, polo límite entre dúas tumbas actuais e o espazo identificado como fosa común. Este feito obrigou a escavar na área libre entre ambas tumbas, nun espazo de reducido tamaño, sendo parte dos restos constatados, escavados no perfil.

As labores de escavación comezan coa retirada, de xeito mecánico, da cuberta vexetal **UE 400**, composta de céspede e diferentes tipos de gramíneas que presenta unhas características semellantes as UEs 100, 200 e 300 dos sectores precedentes.

Trala retirada do nivel superficial (UE 400), que é ao tempo o nivel de uso actual do cemiterio, localízase un depósito de sedimento marrón destinado a nivelación do cemiterio (**UE 401**) de características e composición semellante as precedentes UEs 101, 201 e 301 (compactidade media, gran fino e intrusión frecuente de seixos e fragmentos cerámicos).



Imaxe 84. UE 401. Vista dende o N.

De seguido, trala retirada e rexistro das UE superficiais 400 e 401, localízanse un depósito **UE 404** de sedimento marrón escuro, compactidade media e gran fino situado na marxe sur do sector.

Trátase dun estrato moi alterado, no que se aprecia un alto grao de revolto mesturándose fragmentos de seixo e material cerámico, madeira procedente do ataúde e material metálico aparentemente moderno.

Ao mesmo tempo, documéntase a presenza dos restos óseos dun individuo en posición anatómica decúbito supino cos brazos sobre o corpo en mal estado de conservación preservándose unicamente os ósos do brazo, antebrazo e fémur.

De novo, os restos óseos expostos as condicións ambientais foron cubertos con xeotextil para a súa preservación mentres non se procedeu coa extracción.



Imaxe 85. UE 404. Vista dende o S.

O depósito UE 404 atópase reenchendo o corte **UE 403**. Trátase dun corte de forma en planta rectangular e base plana situado ao sur do sector. Presenta esquinas redondeadas e orientación E-W cunhas medidas de 200 cm de lonxitude, 20 cm de ancho máximo e 14 cm no seu lado máis estreito e unha potencia de 25 cm.

A UE 403 atópase cortando o depósito UE 402.

A fosa configurada polo corte UE 403 e o depósito UE 404 interprétase como un enterramento no que se retira o individuo para a súa posterior análise por parte do antropólogo físico.



Imaxe 86. UE 403. Vista dende o N.

A continuación, cara a marxe norte do sector sitúase un depósito heteroxéneo **(UE 406)** de sedimento marrón escuro de aspecto orgánico, compactidade media, gran fino e textura arxilosa no que se mesturan manchas de cor amarelo de gran groso tipo xabre. A este depósito asóciáanse rochas de pequeno tamaño (fundamentalmente seixos) e restos óseos dun individuo en posición anatómica disposto decúbito supino cos brazos sobre o corpo en mal estado de conservación do que so se conserva a parte esquerda do corpo e o cráneo no que se evidencia unha perforación.



Imaxe 87. UE 406. Vista dende o S.



Imaxe 88. Detalle cráneo e mandíbula UE 406.



Imaxe 89. UE 405. Vista dende o S.

O depósito atópase reenchendo a **UE 405** un corte de forma rectangular de 200 cm de lonxitude, 47 cm de ancho máximo e 25 cm na seu lado máis estreito e 25 cm de potencia. Presenta ruptura cóncava, esquinas redondeadas e base plana.

O corte, practicado sobre a UE 402, xunto co depósito que o enche (UE 406) conforman unha fosa destinada ao enterramento dun individuo que, como sucedía cos restos humanos achados na fosa definida polas UEs 403 e 404, os restos óseos recuperados serán obxecto de análise por parte do antropólogo físico Fernando Serrulla Rech en laboratorio.

Finalmente, rexístrase pola totalidade do sector un depósito heteroxéneo (**UE 402**) de sedimento ocre, textura arxilosa e gran medio-fino cunha potencia de 45 cm considerado un nivel natural sobre o cal se dispoñen os depósitos e os corte destinados ao enterramento dos individuos achados (UE 403, 404, 405 e 406).

Tralo rexistro deste estrato (UE 402) considerase finalizada a intervención arqueolóxica neste sector acadando de xeito preliminar os obxectivos formulados inicialmente



Imaxe 90. UE 402. Vista dende o S.



Imaxe 91. Estado final sector 400.

Sector 500

O sector 500 adscíbese a área situada entre dúas tumbas actuais e ao este do espazo definido como fosa común.

As labores de escavación comezaron coa retirada, de xeito mecánico, da cuberta vexetal **UE 500**, composta de céspede e diferentes tipos de gramíneas que presenta unhas características semellantes as UEs 100, 200, 300 e 400 dos sectores precedentes.

A continuación, trala retirada do nivel superficial e nivel de uso actual do cemiterio (UE 500) localízase un depósito de sedimento marrón destinado a nivelación do cemiterio (**UE 501**) de características e composición semellante as precedentes UEs 101, 201, 301 e 401 (compactidade media, gran fino e intrusión frecuente de seixos e fragmentos cerámicos).

Baixo este estrato (UE 501) dispónse pola totalidade do sector un depósito homoxéneo de sedimento negro (**UE 507**) e aspecto orgánico, cunha potencia de 20 cm interpretado como un depósito de recheo do cemiterio.



Imaxe 92. UE 501. Vista dende o W.



Imaxe 93. UE 507. Vista dende o W.

A continuación, trala retirada do estrato definido pola UE 507 documéntase un depósito de sedimento marrón escuro situado ao sur do sector (**UE 504**) ao que non se lle asocian materiais arqueolóxicos. Presenta unhas características semellantes aos depósitos (UE 404, 406, 304 e 306) dos sectores 300 e 400: textura arxilosa, compactidade media e gran fino.

O depósito (UE 504) atópase reenchendo o corte **UE 503** de forma en planta rectangular, base plana, esquinas redondeadas, ruptura cóncava e orientación E-W. Presenta unha lonxitude de 185 cm, 40 cm no seu lado máis ancho, 25 cm no máis estreito e 30 cm de potencia. A UE 503 atópase cortando o depósito UE 510.



Imaxe 94. UE 503. Vista dende o E.



Imaxe 95. UE 504. Vista dende o W.

O corte UE 503 xunto co depósito que o enche (UE 504) configuran unha fosa sobre a que se dispón un enterramento do cal non se rexistran achados.

De seguido, cara a marxe norte do sector rexístrase un depósito de sedimento marrón escuro (**UE 506**) cunhas características semellantes aos depósitos (UE 504, 404, 406, 304 e 306) dos sectores 300 e 400: textura arxilosa, compactidade media e gran fino.

O depósito UE 506 atópase reenchendo o corte **UE 505** producido sobre a UE 510. Trátase dun corte forma en planta tendente ao rectángulo, orientación E-W, ruptura cóncava, base plana e esquinas redondeadas que presenta 230 cm de lonxitude, 40 cm de ancho máximo, 32 cm no seu lado máis estreito e 25 cm de potencia.

No seu perfil rexístranse fragmentos de espuma procedentes dun enterramento contiguo.



Imaxe 96. UE 506. Vista dende o W.



Imaxe 97. UE 505 e detalle da espuma do ataúde próximo. Vista dende o E.

De novo, as UEs 505 e 506 configuran unha fosa practicada para a realización dun enterramento do que non se conservan evidencias.

A continuación, situado ao este da UE 506 rexístrase un depósito de sedimento marrón escuro (**UE 508**), ao que non se lle asocian materiais arqueolóxicos, cunhas características semellantes aos depósitos de recheo presentes no sector (UE 506 e 504): textura arxilosa, compactidade media e gran fino.

O depósito UE 508 atópase reenchendo o corte **UE 509** de novo con características semellantes aos anteriores. Presenta unha forma en planta ovalada, paredes rectas, ruptura cóncava, base plana e esquinas redondeadas coas seguintes medidas: 150 cm de lonxitude, 40 cm de potencia de 30 cm.

Do mesmo xeito que na UE 505 existen no perfil fragmentos de espuma procedentes do ataúde contiguo a ambas fosas.

O corte UE 509 practícase sobre o depósito UE 510 e como sucede coas restantes fosas, destínase a realización dun enterramento do que non se conservan evidencias.



Imaxe 98. UE 508. Vista dende o W.



Imaxe 99. UE 509. Vista dende o N.

De seguido, cara o zona central do sector e ao norte dos enterramentos identificados ata o de agora, documéntase un depósito **(UE 511)** en aparencia semellante aos depósitos que reenchén as fosas (UE 504, 506 e 508) agás pola súa posición, en liña cunha tumba contemporánea, motivo polo que non se escava dado que o enterramento non pertence a cronoloxía perseguida nos obxectivos da intervención.

O depósito UE 511 atópase reenchendo un corte **UE 512** que, de novo, non se esgota atendendo a súa posible pertenza a un enterramento contemporáneo.

De xeito paralelo a UE 511 localízase un pequeno depósito homoxéneo **(UE 513)** de sedimento negro, pouco compacto, gran fino e textura arxilosa. Presenta fragmentos de seixo, así como material metálico e restos óseos en mal estado de conservación.

O depósito UE 513 atópase reenchendo o corte **UE 514** practicado sobre o depósito UE 510. Presenta forma rectangular en planta, base plana, paredes rectas e ruptura cóncava. As súas medidas son de 95 cm de lonxitude, 70 cm de ancho e unha potencia de 40 cm.

A fosa configurada polas UE 513 e 514 son interpretadas de xeito preliminar, como as anteriormente descritas, como un enterramento no que non se achegan materiais arqueolóxicos agás uns fragmentos óseos illados que serán analizados con posterioridade co obxectivo de achegar maior información.


A continuación, xunto ao perfil norte, identifícase un depósito **(UE 515)** próximo a unha tumba recente que, como sucedía cas UEs 513 e 514, tanto o depósito UE 515 como o corte **UE 516** non se escavan dada a proximidade a un enterramento contemporáneo quedando fora dos obxectivos da intervención.



Imaxe 100. Depósitos presentes no sector 500.



Imaxe 101. Detalle dun oso recuperado na UE 513. Vista dende o N.



Imaxe 102. Unidades Estratigráficas do sector 500. Vista dende o N.



Imaxe 103. UE 514. Vista dende o N.

Baixo as fosas identificadas no sector, sitúase na totalidade da área un depósito homoxéneo de sedimento marrón escuro (**UE 510**) de compactidade media-baixa, textura arxilosa e gran fino ao que non se lle asociada material arqueolóxico.

Sobre este depósito practícanse os cortes destinados aos enterramentos identificados no sector (UEs 503, 505, 509, 514 e 516).

A continuación, baixo o depósito UE 510 sitúase un estrato de sedimento heteroxéneo (**UE 502**) de cor ocre, textura arxilosa e gran medio-fino interpretado como o nivel natural do cemiterio dando por finalizada a intervención deste sector.



Imaxe 104. UE 502. Nivel natural. Vista dende o E.



Imaxe 105. Estado final sector 500. Vista dende o N.

Sector 600

Ante os resultados, a priori negativos, da área proxectada na superficie definida inicialmente como fosa común, e previa solicitude a DXPC, decídese ampliar a superficie de escavación nunha área ao norte da fosa común situada sobre o camiño do cemiterio, entre nichos e tumbas de nova construción. seguindo a hipótese de numeración do libro de fosas e as placas recuperadas no sector 200.

Deste xeito, seguindo as numeracións gravadas nas placas (480 e 483) calculouse o espazo aproximado que debían ocupar os enterramentos decidindo formular unha pequena sondaxe de 3 m de lonxitude por 2,5 m de ancho.



Imaxe 106. UE 600 camiño actual. Vista dende o S.

A escavación comezou coa retirada da **UE 600**, que consiste no camiño actual do cemiterio semellante a UE 125 do sector 100.

Retirado o nivel máis superficial do camiño, atópase un depósito areoso asociado ao recheo do camiño (**UE 601**) cunha potencia variable e intrusións na UE a que a cubre.



Imaxe 107. UE 601 no perfil N. Vista dende o S.

De seguido, trala retirada dos depósitos asociados ao camiño, rexístrase un depósito de sedimento marrón (**UE 602**) de gran fino, textura arxilosa e compactidade alta, na que existen abundantes fragmentos de material construtivo asociado as estruturas que rodean o espazo (nichos).




Imaxe 108. UE 602. Depósito de sedimento marrón sobre o que se asentan as fosas.

O estrato (UE 602) atópase cortado polas UEs 603, 604, 605, 606, 607 e 608 que definen tres fosas de semellantes características.

A fosa 1 esta composta por un depósito de sedimento negro de aspecto orgánico, gran fino, textura arxilosa e compactidade baixa (**UE 603**) situado na esquina NE do sector. Ten asociado material moble tal como unha placa de ferro na que pode aprecia o número 111 e a base dunha cruz atopadas en posición secundaria. Ao tempo documéntanse fragmentos de material construtivo e pequenos anacos de plástico.

Este depósito atópase reenchendo o corte **UE 604**. Trátase dun corte de forma en planta rectangular, paredes rectas, base plana e ruptura convexa cun lonxitude de 170 cm, 80 cm de ancho e unha potencia de 45 cm que corta a UE 602.



Imaxe 109. Proceso de escavación da placa de sinalización 111 ou III.
Vista dende o E.



Imaxe 110. Detalle proceso de escavación da placa de sinalización 111
(III). Vista dende o E.



Imaxe 111. UE 603. Vista dende o W.



Imaxe 112. UE 604. Vista dende o W.

A continuación, a fosa 2 situada no centro do sector, presenta unhas características semellantes a anterior. Configurase a través de un depósito **(UE 605)**, cunha composición semellante a UE 603, que reenche o corte **UE 606** cunha forma similar ao seu homólogo (UE 604) presenta unha lonxitude de 168 cm, 76 cm de ancho e entre 45 e 55 cm de potencia.



Imaxe 113. UE 605. Vista dende o W.



Imaxe 114. UE 606. Vista dende o W.

Finalmente, de novo a fosa 3 presenta unhas características semellantes as anteriores situado na esquina SE do sector. Presenta un depósito (**UE 607**) análogo as UE 603 e 605 que reenche o corte **UE 608** tamén igual aos cortes UE 604 e 606 cunha lonxitude de 176 cm, 68 cm de ancho e unha potencia variable ente os 25 e 35 cm. A diferenza dos depósitos das fosas anteriores nesta ocasión identifícanse restos óseos preto do perfil E.

Identificados e debidamente rexistrados os elementos recoñecidos como fosas interpretadas como enterramentos deuse por finalizada a escavación deste sector a espera dos resultados da análise dos restos óseos por parte do antropólogo forense (Ferando Serrulla Rech) e a análise do conxunto da fosa común.



Imaxe 115. UE 607. Vista dende o W.



Imaxe 116. Detalle restos óseos no perfil E (UE 607). Vista dende o W.



Imaxe 117. UE 608. Vista dende o W.



Imaxe 118. Fotografía estado final das labores de escavación no sector 600. Vista dende o W.

Tapado

Finalizados os traballos arqueolóxicos, revisada a documentación técnica xerada durante o proceso de escavación e trala debida recollida e traslado dos materiais óseos procedeuse co tapado dos diferentes sectores co sedimento derivado da propia actuación arqueolóxica empregando para tal tarefa unha pa mecánica.



Imaxe 119. Tapado dos sectores. Vista dende o N.




Imaxe 120. Tapado do sector 600. Vista dende o S.

8.5 Secuencia estratigráfica

SECTOR 100

Sobre os niveis naturais definidos polas UE 103 e 102 teñen lugar una serie de intrusionións orgánicas no terreo (UEs 104, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 117, 118, 119, 120, 121, 122, 123, 124, 125, 126, 127, 128, 129, 120, 131, 132 e 133) sobre as cales se dispoñen dous estratos derivados das actividades de remodelación e nivelación da área do camposanto (UE 113,e 124) encima das que se localiza o camiño do cemiterio definindo o uso actual do espazo.

Matrix sector 100




SECTOR 200

Sobre un nivel natural previo ao substrato xeolóxico (UE 202) dispónse unha primeira fase de uso do cemiterio como fosa común (UEs 204, 203, 204, 205, 206, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213, 216, 217, 218, 219), na que como se comprobou, pola superposición das tumbas nas UEs 210 e 313, que o espazo de enterramento estívese a reempregar. Ao tempo nesta primeira fase rexístranse estratos alusivos a intrusionas naturais (UE 214, 215) e un pequeno recheo orgánico (UE 201)

De seguido, trala primeira fase de uso do camposanto dispónse un estrato de construción ou remodelación do cemiterio (UE 203) sobre o que se asenta a segunda fase correspondente co nivel de uso actual do cemiterio (UE 200).


Matrix sector 200



SECTOR 300

Sobre o nivel natural previo ao substrato xeolóxico (UE 302) dispónse unha primeira fase de uso do camposanto como área de fosa común (UE 303, 304, 305 e 306) no que se rexistran evidencias de enterramentos superpostos (UE 306). De seguido, como sucedía nos precedentes sectores, desenvólvese un nivel de construción ou remodelación do cemiterio (UE 301) sobre o cal se dispón a segunda fase do cemiterio correspondente co uso actual do espazo (UE 300)


Matrix sector 300



SECTOR 400

O sector 400 presenta una secuencia crono-estratigráfica semellante ao sector 300. Sobre o nivel natural previo ao substrato xeolóxico (UE 402) ten lugar a primeira fase de uso do cemiterio definido polo seu uso como fosa común (UE 403, 404, 405 e 406) no que se rexistran dous enterramentos. A continuación, ten lugar un momento de remodelación, nivelación ou construción do camposanto (UE 401) sobre o que se evidencia unha segunda fase correspondente co nivel uso actual do espazo.


Matrix sector 400



SECTOR 500

Sobre o nivel natural previo ao substrato xeolóxico (UE 502) desenvólvese unha primeira fase de uso do camposanto empregado como fosa común no que se superpoñen enterramentos aparentemente contemporáneos (UE 504, 503, 504, 505, 508, 509, 510, 511, 512, 513, 514, 515, 516). De seguido, como sucedía cos outros sectores, ten lugar unha fase de remodelación, construción ou nivelación do espazo cemiterial (UE 507 e 501) sobre o cal se dispón a segunda fase correspondente co uso actual do camposanto (UE 500).


Matrix sector 500



SECTOR 600


A escavación do sector 600 desvela unha primeira fase de uso do camposanto como lugar de enterramento (UE 602, 603, 604, 605, 606, 607 e 608). Cubrindo este nivel, documéntase un pequeno estrato destinado a remodelación ou construción do camiño (UE 601) sobre o cal se configura a segunda fase de uso do cemiterio correspondente co uso actual do espazo (UE 600).

Matrix sector 600



8.6 Estudo de materiais

A intervención arqueolóxica achega un total de 72 pezas de material moble das cales: 11 correspóndense con metais, 6 fragmentos de vidro, outros 6 de cristal, 39 pezas de cerámica, 5 elementos de caucho e outros 5 de plástico.



Material cerámico

O material cerámico achega a maior cantidade do material moble (54%) recuperado na intervención sendo, na súa maioría, louza de época contemporánea recuperada nos niveis superficiais correspondentes co recheo para a construción ou reforma do cemiterio (UE 101, 102, 201, 202, 203, 602 e 603).

A louza presenta un alto grao de fragmentación e un carácter heteroxéneo caracterizado pola ampla gama de decoracións e formas atribuídas a pratos.

De xeito residual identifícanse dous pequenos fragmentos de cerámica tradicional de Buño e un de Talavera de la Reina.

A **producción cerámica popular de Buño** consiste nunha tradición oleira da localidade homónima de época contemporánea (século XIX), aínda que con evidencias xa ao redor do século XVI.

A peza presenta unha pasta compacta, ben depurada co característico vidrado escuro derivado dos óxidos metálicos empregados (LANTES-SUÁREZ et al. 2017: 176-223).

Polo seu grosor o bordo documentado parece pertencer a unha ola na que non se evidencia ornamentación.



Imaxe 121. Fragmentos de louza de Época contemporánea e bordo de cerámica popular de Buño.



Imaxe 122. Fragmento de cerámica de Talavera de la Reina.

Do mesmo xeito, tamén de forma residual, localízase un pequeno fragmento de fondo dun prato ou bandexa da **producción cerámica de Talavera de la Reina**. Trátase dunha produción de cerámica caracterizada pola pasta empregada, clasificada como louza fina, na que o esmaltado deriva do vidrado estannífero que se aprecia no exterior da peza a través dunha fina capa branca que lle confire impermeabilidade.

Sobre a superficie da peza, como é o caso, dispóñense motivos decorativos en diversas tonalidades formando ricos ornamentos pictóricos realizados a base de óxidos metálicos vitrificables (MARTÍNEZ, 1984).

Material metálico

A continuación, o segundo material máis abundante recuperado na intervención son os metais (15%).

O soporte máis empregado é o ferro achegando unha gran cantidade de cravos derivado do uso de cadaleitos no cemiterio. Así mesmo, rexístranse pezas coma chapas e fragmentos informes de metal en mal estado de conservación pola gran cantidade de óxido adherido as pezas.



Imaxe 123. Cravos de ferro.



Imaxe 124. Chapa e peza de ferro.

O achado máis relevante de material metálico correspóndese con tres placas de metal destinadas a sinalización de tumbas no cemiterio. As pezas son de ferro sen adornos salientables agás o enmarque do número que sinala o enterramento cunha pequena liña conformando un rectángulo.



Imaxe 125. Placa co número 480 e 483. FCVA.203/03, FCVA.203/04.

As placas presentan un bo estado de conservación, sendo afectadas en menor medida polo óxido que, non obstante, permite ler o número de sinalización realizado en números arábcos (480, 483) agás a placa recuperada no sector 600 (FCVA. 603/05) no que poderían ser número romanos, ben 111 ou III.



Imaxe 126. Placa co número 111 ou III. FCVA. 603.05.

Doutra banda, un achado salientable, é a moeda de cobre en bo estado de conservación identificada como unha peseta de 10 céntimos acuñada en 1870. Presenta no seu anverso a liberdade sedente e no seu reverso o león con escudo.



Imaxe 127. Moeda do século XIX. FCVA. 101/28.

Finalmente, no que aos materiais metálicos se refire, recupérase no depósito dun enterramento, UE304, un crucifixo de bronce de pequenas dimensións no que se evidencian marcas de suxeición a un soporte maior, polo que é probable que se trate dun crucifixo de man que acompañaba ao corpo no momento de inhumación dado que a este enterramento asóciáanse restos óseos.

Ao tempo, recupéranse fragmentos de adorno dun féretro realizados en ferro en bo estado de conservación pertencentes a os apliques de adorno dun cadaleito.



Imaxe 128. Crucifixo de bronce (FCVA.304/02) e adorno de féretro (FCVA.101/41).

Materiais vítreos

No que ao material vítreo se refire diferénciase o vidro do cristal. Dunha banda rexístrase un total de 6 pezas de cristal atribuídas a floreiros para dispoñen flores para os defuntos do cemiterio (cristal 8%). Doutra banda, recupéranse nos niveis superficiais cinco pequenas botellas de vidro (9 %) de cor verde atribuídas a recipientes de medicinas, así como un pequeno fondo indeterminado.



Imaxe 129. Recipientes para medicinas (FCVA.203/01 e FCVA.101/10)

Material orgánico

De seguido, recupéranse restos de materiais orgánicos asociados ao interior dun enterramento tales como unha sola de zapato en bo estado de conservación realizada a base de caucho vinculada a restos óseos. Polas súas medidas (32cm) trátase dun calzado de talla 48 e medio pertencente, probablemente, a un individuo masculino de talla grande. No seu reverso, indícase España como o lugar de fabricación.



Imaxes 130 e 131. Sola de zapato reverso e anverso (FCVA.304/01)

Do mesmo xeito, identifícanse outras dúas pezas de sola de zapato de caucho en mal estado de conservación dunhas dimensións moito menores. Unha de elas asóciase ao recheo dunha fosa (UE 306), mentres que a outra achegase nun nivel superficial (UE 101).

Finalmente neste conxunto de material orgánico rexístrase uns fragmentos de sola de cor vermella en moi mal estado de conservación documentados no recheo dunha fosa desta vez non asociados a ningún individuo.



Imaxe 132. Solas de zapato (FCVA.306/01 e FCVA. 101/27)

Material plástico

Finalmente, documéntanse 5 pezas de plástico (15%) recollidas pola súa relación con féretros contemporáneos. Recoñécense tanto crucifixos, como adornos de plástico de cadaleito, dous deles pertencentes a sepulturas infantís.



Imaxe 133. Adornos de cadaleito infantil (FCVA. 201/03 e FCVA. 201/04).



Imaxe 134. Crucifixo de plástico (FCVA.201/01)

En resumo, a intervención arqueolóxica achega materiais relacionados co uso do espazo tales coma adornos de cadaleitos, floreiros ou placas de sinalización, así como material cerámico e vidros asociados co emprego ininterrompido do cemiterio.

A nivel estratigráfico o material recupérase, na súa maior parte, en niveis superficiais asociados a nivelación, construción ou reforma do espazo de camposanto, sendo salientables aquelas pezas asociadas ao recheos das fosas destinadas a enterramentos como o crucifixo e a sola de zapato permitindo, se cabe, un posterior análise para a súa identificación.

Correspondentes coa fase previa ao cemiterio identifícanse a moeda do século XIX e a cerámica moderna de Talavera, que aportan unha cronoloxía para o uso dos campos de cultivo previos ao cemiterio na Idade Moderna.

8.7 Mostras

No avance dos traballos arqueolóxicos tomáronse unha serie de mostras destinadas a comprobar a posible presenza de restos óseos en aqueles estratos e sectores onde os resultados foron negativos.

A recollida e posterior análise das mostras levouse a cabo polo antropólogo físico Fernando Serrulla Rech encargado de realizar o informe osteolóxico dos restos humanos recuperados durante a intervención.

Recolléronse mostras de 250 ml de sedimento co obxectivo de comprobar os niveis de fósforo presentes nos depósitos nos que non se achegan resultados.

Desde xeito, extráense mostras no sector 100 en diferentes puntos da UE 101 un nivel superficial e orgánico de recheo do cemiterio, na UE 102 definido como un depósito natural previo ao substrato xeolóxico e na UE 103 identificado como o substrato natural.

Ao tempo tómanse mostras do sector 200 nas UE 201 e 202 definidos como niveis de recheo do cemiterio e un nivel previo ao substrato natural.

Finalmente nos sectores 300 e 400 recóllense mostras nas UEs 301 e 304 correspondentes cos niveis de recheo do cemiterio e un depósito relacionado cun enterramento, e nas UEs 401 e 406 identificados, de novo, cun estrato de recheo de nivelación do cemiterio e un depósito asociado a unha tumba.



Imaxe 135. Toma de mostra no sector 100. Vista dende o S.



Imaxe 136. Toma de mostra no sector 200.

ÍNDICE DE MOSTRAS

Nº DE MOSTRA	Material	UE	Coordenadas
M1	Sedimento	101	X: 520660 Y: 4715153 Z: 20,6
M2	Sedimento	101	X: 520664 Y: 4715159 Z: 20,4
M3	Sedimento	101	X: 520664 Y: 4715151 Z: 20,7
M4	Sedimento	103	X: 520667 Y: 4715153 Z: 19,6
M5	Sedimento	102	X: 520663 Y: 4715158 Z: 19,6
M6	Sedimento	102	X: 520665 Y: 4715152 Z: 20
M7	Sedimento	101	X: 520662 Y: 4715149 Z: 20,7
M8	Sedimento	101	X: 520658 Y: 4715156 Z: 20,5
M9	Sedimento	102	X: 520661 Y: 4715150 Z: 19,97
M10	Sedimento	102	X: 520656 Y: 4715154 Z: 19,89
M1_2	Sedimento	101	X: 520666 Y: 4715151 Z: 20,36
M2_2	Sedimento	102	X: 520666 Y: 4715151 Z: 20,17
M3_2	Sedimento	201	X: 520673 Y: 4715146 Z: 20,87
M4_2	Sedimento	202	X: 520673 Y: 4715145 Z: 20,68
M1_3	Sedimento	401	X: 520668 Y: 4715155 Z: 20,5
M2_3	Sedimento	406	X: 520668 Y: 4715155 Z: 19,8
M3_3	Sedimento	301	X: 520669 Y: 4715151 Z: 20,7
M4_3	Sedimento	304	X: 520670 Y: 4715152 Z: 20

10. Conclusións

O presente informe-memoria achega os resultados das labores de escavación arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión da Guerra Civil e a Ditadura no cemiterio municipal de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) coa intención de acadar os seguintes obxectivos: escavar e identificar de xeito individualizado os restos achados, documentar e analizar en campo cada restos identificado; exhumar e extraer individualmente cada individuo represariado, realizar unha análise en laboratorio dos datos primarios obtidos en campo, relacionar aqueles datos aportados tanto polas fonte bibliográficas coma documentais e orais durante o proceso de escavación e finalmente adoptar as medidas de conservación e protección necesarias para a preservación dos restos óseos para realizar análíticas de ADN.

Para acadar estes obxectivos execútase a intervención arqueolóxica de 6 sectores diferentes, en contraposición a primeira sondaxe proposta no proxecto de intervención inicial no recinto do camposanto, aproveitando aquelas zonas non construídas e grazas a aparición das placas de sinalización de tumba que permitiron reformular o espazo da intervención.

Tras expoñer os datos obtidos en campo e establecida a secuencia crono-estratigráfica é posible salienta varias cuestións. Dunha banda, grazas a intervención foi posible comprobar a existencia de enterramentos coincidentes coa cronoloxía obxectivo..

O resultado negativo na primeira área, sector 100, fixo necesaria a apertura de novos espazos para acadar os obxectivos.

Deste xeito, procédese a intervención do sector 200 onde se recuperan dúas placas de sinalización de enterramento (480 e 483)

permitindo reformular os espazos en función da hipótese de situación dos restos do ano 1936 en diante.

Así, a continuación procedeuse coa escavación dos sectores 300, 400, 500 e 600 o que permitiu dunha banda, exhumar tres individuos en posición primaria, e doutra banda observar como o amplo espazo destinado para fosa común estase a reempregar despois dos enterramentos de 1936 e os traslados de 1942, o que se pode observar na superposición de madeiras procedentes dos ataúdes (UE 210 e 306), así como a mestura de restos óseos en posición secundaria (UE 210, 306, 513 e 607) que serán froito de análise osteolóxico para a súa identificación.

O reemprego do espazo de enterramento, visible na superposición das tumbas, imposibilita en gran medida as labores de identificación ocasionando que os restos queden, ou ben revoltos noutro punto, ou ben cortados polas novas tumbas.

No que aos materiais se refire, recupérase unha cantidade significativa de material nos niveis de uso actual do cemiterio, salientando a cerámica e o metal como soporte máis empregado.

Ao tempo, en niveis de recheo dos enterramentos documéntanse elementos asociados aos cadaleitos coma apliques de plástico, o que nos indica unha cronoloxía contemporánea, e elementos asociados ao individuo que alberga o ataúde coma o crucifixo de metal ou a sola de zapato.

En conclusión, como se mencionaba con anterioridade, de xeito preliminar e a nivel arqueolóxico non é posible establecer a pertenza dos restos humanos (tanto en posición primaria como secundaria) ás vítimas da represión e a Guerra Civil quedando a espera por tanto da análise osteolóxica. Sen embargo, os resultados da intervención ratifican o reemprego do espazo de fosa común de xeito ininterrompido

dificultando a recuperación dos restos humanos obxecto desta intervención.

Como síntese evolutiva do espazo comprobamos como a área de traballo durante a Idade Moderna son posiblemente campos de cultivo, evidenciados polos niveis orgánicos entre os cales foi documentada cerámica de Talavera de la Reina, uns campos de cultivo que posiblemente a finais do século XIX continuasen en uso, evidenciándose este feito pola moeda documentada. Durante o século XX o cemiterio sería ampliado, producíndose o primeiro momento de enterramentos no espazo de traballo, coa fosa 480, en 1936. Cunha última ocupación identificada en 1951. Tras este momento, aparentemente, a memoria do sitio de localización das fosas é perdida e a partir dos anos 70 vólvese a ocupar o espazo nalgúns casos coincidindo co lugar de enterramento de 1936 exactamente e noutros a carón dese espazo. Quedando por tanto a posibilidade de conversación dos enterramentos buscando en función de se estes foron cortados a partir dos anos 70 ou non. Posteriormente á fase dos anos 70, da cal tamén sería esquecida a memoria da súa localización serían enterrados individuos nos anos 80, dos cales están presentes en superficie os seus enterramentos. Estes feitos fan plausible a localización de enterramentos do ano 1936 no espazo, pero para poder identificalos sería preciso proceder ao traslado das tumbas dos anos 80 a nichos e a escavación en área de todo o sector.

Durante os anos 80 tamén serían construídas as ringleiras de nichos actuais sobre o espazo que ocupaba a fosa común. A realización da sondaxe 600 e a constatación de 3 fosas limpas na mesma, indica a retirada dos restos que nelas se atopaban. Por tanto a maior parte dos restos que existirían na fosa común serían retirados durante a construción dos nichos, sendo moi difícil a recuperación de vítimas nese espazo ocupado polos nichos.

Nos sectores 200, 300, 400, 500 e 600 foron identificados restos óseos de interese, por un lado os situados en posición primaria, aínda que con cronoloxías dubidasas como é o caso do individuo da UE304 ou cronoloxías recentes como os restos da muller localizados na UE306. Con todo, durante o traballo de campo, e pendente do estudo antropolóxico, contamos con 4 individuos en posición primaria, un deles con clara cronoloxía recente e 4 restos óseos moi mal conservados presentes nas UEs 210, 306, 513 e 607 os cales poderían ser da cronoloxía obxectivo dos traballos. Sintetizando, 7 posibles individuos, 3 deles en posición primaria.

11. Bibliografía

Cobas Fernández, M. I., & Prieto Martínez, M. P. (1998). Criterios y Convenciones para la Gestión y el Tratamiento de la Cultura Material Mueble. In CAPA 7. Universidade de Santiago de Compostela. <https://doi.org/10.1007/s13398-014-0173-7.2>

Etxeberria, F. (2020). Las exhumaciones de la Guerra Civil y la dictadura franquista 2000-2019. Estado actual y recomendaciones de futuro. Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática.

Lantes-Suárez, O., Doval Galán, J.F., Prieto Martínez, P. (2017). “La alfarería tradicional de Buño. Una aproximación desde la arqueología y la arqueometría”. *Gallaecia*, 35, pp. 176-223.

Harris, E. C. (1991). Principios de Estratigrafía Arqueológica. Editorial Crítica.

Martínez Caviro, B. (1984). *Artes y artistas: Cerámica de Talavera*. Consejo Superior de Investigaciones científicas Instituto Diego Velázquez. Madrid.

Parcero Oubiña, C., Blanco Rotea, R., & Méndez Fernández, F. (1999). El registro de la información en intervenciones arqueológicas. CAPA: Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio, 9, 1–75. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2189791&orden=96554&info=link>

Renfrew, C., & Bahn, P. (2007). Arqueología. Teorías, métodos y práctica. Akal.

12. Anexos. Unidades estratigráficas, inventario de materiais arqueolóxicos e planimetrías

LISTAXE DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE	TIPO	SECTOR	DESCRIPCIÓN
100	Depósito	100	Cuberta vexetal/céspedede
101	Depósito	100	Capa vexetal orgánica
102	Depósito	100	Sedimento ocre
103	Depósito	100	Sedimento tipo xabre
104	Depósito	100	Sedimento negro orgánico N-S
105	Corte	100	Corte da UE 104
106	Depósito	100	Sedimento negro no perfil
107	Depósito	100	Depósito orgánico de UE 108
108	Corte	100	Corte zona central
109	Depósito	100	Depósito de UE 110
110	Corte	100	Corte zona central
111	Depósito	100	Depósito de UE 112
112	Corte	100	Corte zona norte
113	Depósito	100	Depósito negro ao SW no perfil
114	Depósito	100	Depósito 1 perfil W
115	Corte	100	Corte 1 perfil W
116	Depósito	100	Depósito 2 perfil W
117	Corte	100	Corte 2 perfil W
118	Depósito	100	Depósito 3 perfil W
119	Corte	100	Corte 3 perfil W
120	Depósito	100	Depósito 4 ao NW
121	Corte	100	Corte 4 ao NW

122	Depósito	100	Depósito 5 ao NW
123	Corte	100	Corte 5 ao NW
124	Depósito	100	Depósito amarelo perfil W
125	Depósito	100	Depósito areoso camiño
126	Depósito	100	Depósito 6 ao NE
127	Corte	100	Corte 6 ao NE
128	Depósito	100	Depósito 7 ao NE
129	Corte	100	Corte 7 ao NE
130	Depósito	100	Depósito 8 ao N do monolito
131	Corte	100	Corte ao N do monolito
132	Depósito	100	Depósito 9 ao NW
133	Corte	100	Corte 9 ao NW
134	Depósito	100	Depósito vermello ao NW
200	Depósito	200	Cuberta vexetal/céspedede
201	Depósito	200	Depósito marrón
202	Depósito	200	Depósito ocre
203	Depósito	200	Depósito marrón claro
204	Depósito	200	Depósito que reenche a UE 205
205	Corte	200	Corte rectangular na UE 202
206	Depósito	200	Depósito que reenche a UE 207
207	Corte	200	Corte efectuado na UE 202
208	Depósito	200	Depósito que reenche a UE 209
209	Corte	200	Corte efectuado na UE 202
210	Depósito	200	Depósito amarelento zona N
211	Corte	200	Corte para UE

			212
212	Depósito	200	Depósito ataúde
213	Corte	200	Corte para UE 210
214	Depósito	200	Depósito mancha sur
215	Corte	200	Corte reenchido por UE 214
216	Depósito	200	Depósito bolsa restos óseos
217	Corte	200	Corte depósito restos óseos
218	Depósito	200	Depósito bolsa restos óseos
219	Corte	200	Corte restos óseos
300	Depósito	300	Cuberta vexetal/céspedede
301	Depósito	300	Depósito marrón nivelador
302	Depósito	300	Depósito ocre
303	Corte	300	Corte zona sur para UE 304
304	Depósito	300	Depósito tumba sur para UE 303
305	Corte	300	Corte zona N para UE 306
306	Depósito	300	Depósito tumba N para UE 305
400	Depósito	400	Cuberta vexetal/céspedede
401	Depósito	400	Depósito de nivelación do cemiterio
402	Depósito	400	Depósito ocre
403	Corte	400	Corte ao S
404	Depósito	400	Depósito tumba ao S
405	Corte	400	Corte ao N
406	Depósito	400	Depósito tumba N
500	Depósito	500	Cuberta vexetal/céspedede
501	Depósito	500	Depósito orgánico nivelador

502	Depósito	500	Depósito ocre
503	Corte	500	Corte ao S para 504
504	Depósito	500	Depósito ao S para UE 503
505	Corte	500	Corte tumba ao N de UE 503 e 504
506	Depósito	500	Depósito tumba ao N de UE 504 e 503
507	Depósito	500	Depósito negro orgánico
508	Depósito	500	Depósito interior da UE 509
509	Corte	500	Corte reenchido por UE 508
510	Depósito	500	Depósito sedimento marrón
511	Depósito	500	Depósito de recheo UE 512
512	Corte	500	Corte reenchido por UE 511
513	Depósito	500	Depósito fosa
514	Corte	500	Corte reenchido por UE 513
515	Depósito	500	Depósito tumba
516	Corte	500	Corte reenchido por UE 515
600	Depósito	600	Depósito areoso camiño
601	Depósito	600	Depósito areoso
602	Depósito	600	Depósito de sedimento marrón
603	Depósito	600	Depósito fosa 1
604	Corte	600	Corte fosa 1
605	Depósito	600	Depósito fosa 2
606	Corte	600	Corte fosa 2
607	Depósito	600	Depósito fosa 3
608	Corte	600	Corte fosa 3

Sigla	UE	Tipo de material	Parte do recipiente	Produción	Cronoloxía	Decoración	Observacións
FCVA.101/01	101	Metal	Chapa		Contemporáneo		Chapa de metal ideterminada
FCVA.101/02	101	Vidro	Botella		Contemporáneo	Lisa	Botella pequena para albergar medicamentos
FCVA.101/03	101	Vidro	Botella		Contemporáneo	Lisa	Botella pequena para albergar medicamentos
FCVA.101/04	101	Vidro	Botella		Contemporáneo	Lisa	Botella pequena para albergar medicamentos
FCVA.101/05	101	Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Motivos figurativos de diversas cores	
FCVA.101/06	101	Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Motivos figurativos de diversas cores	Posible xerra
FCVA.101/07	101	Cerámica	Bordo	Louza	Moderno/contemporáneo	Motivos figurativos azuis	
FCVA.101/08	101	Cerámica	Corpo	Louza	Moderno/contemporáneo	Motivos florales azuis	
FCVA.101/09	101	Cerámica	Bordo	Louza Ola de buño	Moderno	Lisa	
FCVA.101/10	101	Vidro	Botella		Contemporáneo	Lisa	Botella pequena para albergar medicamentos
FCVA.101/11	101	Cerámica	Corpo	Louza	Moderno/contemporáneo	Motivos florales azuis	
FCVA.101/12	101	Cerámica	Corpo	Louza	Moderno/contemporáneo	Motivos florales azuis	
FCVA.101/13	101	Cerámica	Corpo	Louza	Moderno/contemporáneo	Motivos florales azuis	
FCVA.101/14	101	Cerámica	Bordo	Louza	Contemporáneo	Motivo figurativos de diversas cores	Presenta esmaltado amarelo en mal estado de conservación
FCVA.101/15	101	Cerámica	Corpo	Louza	Indeterminado		
FCVA.101/16	101	Cerámica	Fondo	Louza	Contemporáneo	Lisa	
FCVA.101/17	101	Cerámica	Corpo	Indeterminado	Indeterminado		Presenta esmaltado en mal estado de conservación
FCVA.101/18	101	Cerámica	Fondo	Indeterminado	Indeterminado		Presenta esmaltado en mal estado de conservación
FCVA.101/19	101	Cerámica	Bordo	Louza	Indeterminado	Acanaladura	
FCVA.101/20	101	Cerámica	Corpo	Louza	Moderno/contemporáneo	Motivos florales azuis	

FCVA.101/21	101 Cerámica	Fondo	Louza	Contemporáneo	Motivos figurativos azuis	
FCVA.101/22	101 Cerámica	Indeterminado	Louza	Contemporáneo	Esmaltado verde	
FCVA.101/23	101 Cerámica	Bordo	Louza	Contemporáneo	Motivos figurativos marróns e verdes	
FCVA.101/24	101 Cerámica	Indeterminado	Louza	Contemporáneo	Esmaltado verde	
FCVA.101/25	101 Cerámica	Fondo	Louza	Contemporáneo	lisa	
FCVA.101/26	101 Cerámica	Bordo	Cerámica común	Moderno	Lisa	
FCVA.101/27	101 Caucho	Sola de zapato		Contemporáneo		Sola de zapato posiblemente infantil ou femenina.
FCVA.101/28	101 Metal	Chumbo	Moeda(Peseta)	Século XIX	Figurativa	Peseta de 10 céntimos de 1870.
FCVA.101/29	101 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Motivos figurativos de diversas cores	
FCVA.101/30	101 Cerámica	Bordo	Louza	Contemporáneo	Lisa	
FCVA.101/31	101 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Motivos figurativos de diversas cores	
FCVA.101/32	101 Cerámica	Fondo	Louza	Contemporáneo	Lisa	
FCVA.101/33	101 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Lisa	
FCVA.101/34	101 Cerámica	Bordo	Indeterminado	Contemporáneo		
FCVA.101/35	101 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Motivo figurativos de diversas cores	
FCVA.101/36	101 Cerámica	Indeterminado	Indeterminado	Indeterminado		Posible fragmento de cerámica de buño
FCVA.101/37	101 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Lisa	
FCVA.101/38	101 Cerámica	Corpo	Indeterminado	Indeterminado		
FCVA.101/39	101 Metal	Ferro	Aplique féretro	Contemporáneo	Figurativa	Fragments de adorno ou applique dun féretro
FCVA.101/40	101 Metal	Ferro	Aplique féretro	Contemporáneo	Figurativa	Fragments de adorno ou applique dun féretro
FCVA.101/41	101 Metal	Ferro	Aplique féretro	Contemporáneo	Figurativa	Fragments de adorno ou applique dun féretro
FCVA.101/42	101 Cristal	Bordo	Floreiro	Contemporáneo	Figurativa	Fragmento de floreiro
FCVA.101/43	101 Cerámica	Bordo	Louza	Contemporáneo	Lisa	

					Motivo	
FCVA.102/01	102 Cerámica	Bordo	Louza	Contemporáneo	figurativos de diversas cores	
FCVA.201/01	201 Plástico	Adorno féretro		Contemporáneo		Fragmento de crucifixo de plástico
FCVA.201/01	201 Plástico	Adorno féretro		Contemporáneo		Adorno de féretro de pequeno tamaño con querubíns probablemente dun cadaleito infantil
FCVA.201/03	201 Plástico	Adorno féretro		Contemporáneo		Adorno de féretro de pequeno tamaño con querubíns probablemente dun cadaleito infantil
FCVA.201/04	201 Plástico	Adorno féretro		Contemporáneo		Adorno para féretro coa faciana dun querubín polo que é posible que pertenza a un cadaleito infantil
FCVA.201/05	201 Metal	Ferro	Aplique féretro	Contemporáneo		
FCVA.201/06	201 Plástico	Adorno féretro		Contemporáneo		
FCVA.202/01	202 Cerámica	Bordo	Louza	Contemporáneo	Esmaltado verde auga	
FCVA.202/02	202 Cerámica	Bordo	Indeterminado	Indeterminado		
FCVA.202/03	202 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Esmaltado verde auga	
FCVA.202/04	202 Cerámica	Corpo	Louza	Contemporáneo	Esmaltado verde	
FCVA.203/01	203 Vidro	Botella		Contemporáneo	lisa	Botella pequena para albergar medicamentos Posible fragmento de fondo dunha pequena copa
FCVA.203/02	203 Vidro	Fondo	Indeterminado	Contemporáneo	Lisa	Placa de sinalización da tumba 480
FCVA.203/03	203 Metal	Ferro	Placa	Contemporáneo		Placa de sinalización da tumba 483
FCVA.203/04	203 Metal	Ferro	Placa	Contemporáneo		Fragmento de botella
FCVA.210/01	210 Cristal	Corpo		Contemporáneo		Pequeno remache de metal do interior dun féretro
FCVA.212/01	212 Metal		Remache	Contemporáneo		

FCVA.304/01	304 Caucho	Sola de zapato		Contemporáneo		Sola de zapato masculina de talla 48,5. Presenta unha Inscripción no anverso: fabricado en España Pequeno crucifixo de bronce con evidencias de aplique nunha peza maior. Fragmento de talón dunha sola de zapato
FCVA.304/02	304 Metal	Bronce	Crucifixo	Contemporáneo		Sola de zapato de cor vermello/alaranxado en mal estado de conservación
FCVA.306/01	306 Caucho	Sola de zapato		Contemporáneo		
FCVA.506/01	506 Caucho	Sola de zapato		Contemporáneo		
FCVA.506/02	506 Caucho	Sola de zapato		Contemporáneo		
FCVA.602/01	602 Cerámica	Fondo	Cerámica Tradicional de Talavera de la Reina Cerámica común	Moderno/contemporáneo	Motivo figurativos azuir	Posible fragmento de prato de talavera de la reina
FCVA.602/02	602 Cerámica	Bordo		Indeterminado	Lisa	
FCVA.603/01	603 Cristal	Fondo	Floreiro	Contemporáneo	Figurativa	Fragmento de floreiro
FCVA.603/02	603 Cristal	Bordo	Floreiro	Contemporáneo	Figurativa	Fragmento de floreiro
FCVA.603/03	603 Cristal	Indeterminado	Floreiro	Contemporáneo	Figurativa	Fragmento de floreiro
FCVA.603/04	603 Cristal	Indeterminado	Floreiro	Contemporáneo	Figurativa	Fragmento de floreiro
FCVA.603/05	603 Metal	Ferro	Placa	Contemporáneo		Plana de sinalización da tuba 111 ou III



XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100			
TÍTULO UE	Cuberta vexetal/césped									
Atributos	Valores	Atributos	Valores							
Tipo UE	Depósito	Cor (positivas)	Marrón							
Potencia	3-5 cm	Compactación (estratos)	Media/alta							
Orientación		Granulometría (estratos)	Media							
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-				
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	Totalidade do sector				Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible					
Forma	Irregular adoptando a forma do sector									
Composición/Materiais	Vidros, cerámicas e metais									
Frecuencia e tipo de materiais	Baixa						Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos			
Debuxo	Si: Perfil:	X	Planta:				Non			
Topografía	Si: Estación:	-	GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima: -	Cota mínima: -	Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material: -	Non

Descrición

Depósito superficial de céspede ao que se asocia vexetación tipo gramíneas. Esténdese pola totalidade da sondaxe cubrindo a UE 125. Presenta intrusións de materiais contemporáneos asociados ao uso actual do recinto.



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible

Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.

Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.


Interface construtiva: forma, dimensións, observacións

Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.

← ↑ → ↓ ↖ ↗ ↘ ↙

Relacións

Cuberta por	Igual a	
Reenchida por	Cobre a	UE 125
Cortada por	Reenche a	
Apóiaselle	Corta a	
	Apóiase en	



Interpretación

Nivel de uso actual do cemiterio

XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100			
TÍTULO UE	Capa vexetal orgánica									
Atributos	Valores	Atributos	Valores							
Tipo UE	Depósito	Cor (positivas)	Marrón escuro							
Potencia	35 cm	Compactación (estratos)	Media							
Orientación		Granulometría (estratos)	Media							
Inclinación	N-S	Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-				
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	Toda a sondaxe			Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible						
Forma	Irregular (o da sondaxe)									
Composición/Materiais	Seixos, cerámicas e metálico									
Frecuencia e tipo de materiais	Baixa					Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos				
Debuxo	Si: Perfil:	X	Planta:				Non			
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima: -	Cota mínima: -	Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material: -	Non

Descrición

Depósito de sedimento marrón escuro cunha potencia de 35 cm. Trátase dun nivel de sedimento bastante homoxéneo de cor negro amarronado con inclusións de seixos bastante rodados de pequenas dimensións e con pouca frecuencia. Semella ter buzamento N-S, presenta unha potencia de 30 cm na parte N e 35 cm na parte S. Achéganse cerámicas de pequenas dimensións e unha moeda do século XIX. Sitúase pola totalidade da sondaxe considerándose un nivel orgánico nivelador do cemiterio. Sitúase a 40/45 cm do nivel de chan actual.

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible

Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.

Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.

Interface construtiva: forma, dimensións, observacións

Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.

← ↑ → ↓ ↖ ↗ ↘ ↙


Relacións

Cuberta por UE 124

Reenchida por

Cortada por

Apóiaselle


Igual a

Cobre a UE 106

Reenche a

Corta a

Apóiasse en


Interpretación

Recheo orgánico do cemiterio

XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100			
TÍTULO UE	Sedimento ocre									
Atributos	Valores	Atributos	Valores							
Tipo UE	Depósito	Cor (positivas)	Ocre							
Potencia	45 cm	Compactación (estratos)	Media							
Orientación		Granulometría (estratos)	Medio/fino							
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-				
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	Toda a sondaxe				Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible					
Forma	Irregular (o da sondaxe)									
Composición/Materiais	Cerámica e metais									
Frecuencia e tipo de materiais	Baixa					Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos				
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:				Non			
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima: -	Cota mínima: -	Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material: -	Non

Descrición

Depósito de sedimento cor ocre de textura arxilosa situado pola totalidade da sondaxe. Atópase a uns 60 cm do chan actual. Trátase dun sedimento arxiloso de gran medio/fino no que se introducen restos orgánicos de raíces. Presenta una potencia variable dunhs 30-45 cm. A coración é heteroxénea tendo tons máis alaranxados e amarelos no centro da sondaxe. Atópase cortado polos cortes (UE 105, 108, 110, 112, 115, 117, 119, 121, 123, 127, 129, 131 e 133) distribuídos pola totalidade da sondaxe. Na súa parte norte o sedimento é máis amarelento, limoso e algo máis humedo que no resto da sondaxe.

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible

Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.

Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.

Interface construtiva: forma, dimensións, observacións

Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.

← ↑ → ↓ ↖ ↗ ↘ ↙



Relacións

Cuberta por UE 106

Reenchida por

Cortada por UE 105, 108, 110, 112, 115, 117, 119, 121, 123, 127, 129, 131 e 133

Apóiaselle


Igual a

Cobre a UE 103

Reenche a

Corta a

Apóiasse en



Interpretación

Nivel natural previo a UE 103

Redactor/a da ficha: Celtia

Data: 3/11/2021

Fase:

Revisada: Alba

XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100				
TÍTULO UE	Sedimento tipo xabre										
Atributos	Valores	Atributos	Valores								
Tipo UE	Depósito	Cor (positivas)	Amarela								
Potencia	Non se esgota	Compactación (estratos)	Media/baixa								
Orientación		Granulometría (estratos)	Groso								
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-					
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	Toda a sondaxe				Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible						
Forma	Irregular (o da sondaxe)										
Composición/Materiais											
Frecuencia e tipo de materiais	Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos										
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:				Non				
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-	Non
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-	Non

Descrición

Depósito de sedimento areoso situado na zona sur da sondaxe de gran grosor moi xabrento de compactidade media-baixa. Só se escava unha parte e se deixa á vista na zona sur.



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible

Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.

Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.

Interface construtiva: forma, dimensións, observacións

Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.

← ↑ → ↓ ↖ ↗ ↘ ↙

Relacións

Cuberta por UE 102

Reenchida por _____

Cortada por _____

Apóiaselle _____


Igual a _____

Cobre a _____

Reenche a _____

Corta a _____

Apóiasse en _____



Interpretación

Nivel natural (substrato xeolóxico)

XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100			
TÍTULO UE	Sedimento orgánico negro N-S									
Atributos	Valores	Atributos	Valores							
Tipo UE	Depósito	Cor (positivas)	Negro/marrón							
Potencia	20 cm	Compactación (estratos)	Media							
Orientación		Granulometría (estratos)	Fina							
Inclinación	E-W	Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-				
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	90 cm x 1,40 cm x 20 cm			Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible						
Forma	Iregular									
Composición/Materiais	Non se asocian materiais									
Frecuencia e tipo de materiais	Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos									
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:				Non			
Topografía	Si: Estación:		GPS:	X	Fotogrametría	-	Cota máxima: -	Cota mínima: -	Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material: -	Non

Descrición

Depósito de sedimento marrón escuro bastante orgánico situado na parte oeste da sondaxe baixo a UE 106. Trátase dun depósito situado no perfil auns 60 cm que reenche á UE 105. Documentábase en planta e modifica o seu trazado co avance da intervención.

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible

Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.

Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.

Interface construtiva: forma, dimensións, observacións

Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.

← ↑ → ↓ ↖ ↗ ↘ ↙


Relacións

Cuberta por UE 106

Reenchida por

Cortada por

Apóiaselle


Igual a

Cobre a UE 102

Reenche a UE 105

Corta a

Apóiasse en


Interpretación



Intrusión orgánica no estrato natural UE 102.

Redactor/a da ficha: Celtia

Data: 03/11/2021

Fase:

Revisada: Alba

XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100			
TÍTULO UE	Corte do depósito UE 104									
Atributos	Valores	Atributos	Valores							
Tipo UE	Corte	Cor (positivas)								
Potencia	10-20 cm	Compactación (estratos)								
Orientación		Granulometría (estratos)								
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-				
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	90 cm x 140 cm x 20 cm		Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible							
Forma	Irregular									
Composición/Materiais	Non se asocian materiais									
Frecuencia e tipo de materiais	Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos									
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:				Non			
Topografía	Si: Estación:		GPS:	X	Fotogrametría	-	Cota máxima: -	Cota mínima: -	Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material: -	Non
Descrición										
Corte producido no depósito UE 102 a uns 90 cm do nivel de chan actual situado na metade E da sondaxe. Trátase dun corte de ruptura cóncava de planta irregular coas esquinas redondeadas reenchido pola UE 104.										
<p>Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible</p> <p>Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.</p> <p>Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.</p> <p>Interface construtiva: forma, dimensións, observacións</p> <p>Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.</p> <p>← ↑ → ↓ ↖ ↗ ↘ ↙</p>										
										
Relacións				Igual a						
Cuberta por				Cobre a						
Reenchida por UE 104				Reenche a						
Cortada por				Corta a UE 102						
Apóiaselle				Apóiasse en						
Interpretación										
Corte para fosa natural										
										
Redactor/a da ficha:	Celtia	Data:	03/11/2021	Fase:		Revisada:	Alba			



XACEMENTO:	Cemiterio Vilagarcía	ANO:	2021	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCVA	SECTOR:	100				
TÍTULO UE	Sedimento negro no perfil										
Atributos	Valores	Atributos	Valores								
Tipo UE	Depósito	Cor (positivas)	Negro								
Potencia	20 cm	Compactación (estratos)	Media								
Orientación		Granulometría (estratos)	Fina								
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si	X	Non	-					
Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	Toda a sondaxe				Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible						
Forma											
Composición/Materiais	Non presenta materiais asociados										
Frecuencia e tipo de materiais							Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos				
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:				Non				
